



2º premio
Especialidade de novela curta
Xuventude Crea 2020

NA PORTA

Orde Caos

XUNTA DE GALICIA

1ª ed., 2021. Santiago de Compostela

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Na porta

Orde Caos

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Política Social
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
Santiago de Compostela, 2021

Limiar

Son moitas as veces que escoitamos falar da creatividade como un fito difícil de acadar, que require dunhas capacidades especiais ou dun don só ao alcance duns poucos. Ter unha boa idea ou unha habilidade supón un mérito per se, mais precisa da visibilidade, o apoio e a repercusión necesaria para ser recoñecida polo resto do mundo. Xuventude Crea busca rescatar todas esas boas ideas da mocidade galega para impedir que queden no esquecemento e se poidan converter nun impulso cara ao que eles elixan.

Como todo, neste 2020 esta edición do Xuventude Crea foi atípica, moi diferente ás dez anteriores. Aínda así, decidimos manter estes premios porque sabemos da importancia deste empuxón cara ao éxito e a resposta da mocidade foi exemplar. Preto de 500 participantes, case 150 máis que o ano anterior, o que demostra que hai moita creatividade na xuventude que precisa ser escoitada, vista e desfrutada.

Non só impedimos que a covid-19 eliminase esta nova edición, senón que aumentamos as súas categorías ata 14 coa creación de dúas novas modalidades de creación de videoxogos e novela curta. Tentamos seguir o ritmo das nosas mozas e mozos e chegar a todas as especialidades posibles para que poidan brillar e destacar en todo o que se propoñan.

Sabemos que aínda máis importante que o apoio económico e social é o apoio anímico. Con estes premios procuramos dicirvos a todos que cremos en vós e que creades en vós mesmos. Hai unha Galicia que está desexosa de coñecer do que sodes capaces e a través das páxinas deste libro queremos achegar unha mostra dunha edición de Xuventude Crea que nunca esqueceremos.

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

I. A DECISIÓN

I

Saúl despertou cedo aquela mañá, aínda non eran as sete en punto cando a súa vexiga comezou a facer movementos peristálticos.

Levantouse, púxose uns calcetíns gordos de la, e logo embutiou os pés nunhas alpargatas grises, peludas e desfeitas, ás que lle facían falta polo menos dez lavados. As fibras que as compoñían, ás alpargatas, estaban cheas de peluxes, e as peluxes cheas de bólas, e as bólas cheas de múltiples substancias en descomposición descoñecidas para a especie humana.

Saúl cumprira trinta e dous en xullo daquel mesmo ano. O seu bandullo e a súa alopecia corroborábanos. Considerábase a si mesmo un home de verán, pero non só por nacer nesa estación, senón porque adoraba a calor e os paseos xunto ao río baixo a plácida luz do astro. En fin, gozar do aire libre.

O inverno sumíao nunha especie de letargo que detestaba.

Aquela mañá en concreto era especialmente invernal, a néboa era o suficiente densa como para impedirle ver o edificio de en fronte e por entre a mesma, a néboa, adivinábanse os grosos flocos dunha nevada.

Dadas as condicións climatolóxicas o vigoroso estado de ánimo de Saúl aquela mañá era como pouco extraordinario.

A cidade na que vivía cos seus pais era a capital dun país demasiado frío para a condición física e psíquica do “home”, por iso soñaba con marcharse lonxe de alí en canto puidese; aquela era a súa meta, desde neno, marchar con vento fresco na busca dun país cálido.

-

Saúl tiña trinta e dous anos e seguía vivindo cos seus pais.

-

Pasara a noite nun ruxe ruxe intranquilo alternado con curtos períodos de soño infestados de pesadelos. Neses intres de tensión onírica, os seus pais convertíanse en mons-

truosas criaturas extraterrestres e mutantes que lle impedían saír da casa familiar. Agarrábano, a Saúl, con interminables dedos rematados en penes e absorbíano como plantas carnívoras a medio camiño da metamorfose en inmensas vulvas babosas.

Espertouse amnésico das últimas catro horas, aínda que sufrindo as terribles consecuencias fisiolóxicas dos pesadelos, suores, tremores e un forte proído nos antebrazos e as canelas.

Estaba decidido a cumprir os seus soños e abandonar aquela casa para sempre.

II

Facía dezaseis días exactos que o botaran do seu último traballo. A Saúl.

Dezaseis días exactos que non se afeitaba.

E dezaseis días exactos desde que o seu pai tomara a decisión de non dirixirle a palabra. Xa non se estrañaba, aquilo pasaba a miúdo, que o botasen do traballo.

O seu último emprego fora de contable para unha empresa do barrio adicada á restauración de edificios antigos. Chegara alí grazas a un título de formación profesional que conseguira ao cumprir os trinta.

A súa nai demostrara posuír un alto nivel de perseveranza. Farta de ver ao seu fillo pasarse os días pegado á pantalla dun televisor ditara sentenza:

—Ou estudas, ou fóra.

Saúl adoraba aqueles ultimátums maternais, sempre infestados eles de baleiros legais.

Durante o últimos dezaseis días madurara un plan; un plan dividido en seis pasos que para el resultaba absolutamente lóxico, era o tipo de plan aos que o seu pai chamaba cariñosamente “as contas da leiteira”.

Consistía en:

- Primeiro paso: facer un horario para o próximo mes que incluíse:
 - 1.— exercicio físico.
 - 2.— dieta
 - 3.— horas de estudo
- Segundo paso: cingirse ao guión.
- Terceiro paso: buscar un país de destino.
- Cuarto paso: pedir todo o diñeiro posible e sacar os seus aforros da conta do banco.
- Quinto paso: despedirse dos seus pais
- Sexto paso: establecerse no país de destino dando clases como profesor particular do seu idioma natal.

Era un plan sen fisuras desde logo.

Era un gran plan.

O mellor plan.

III

Eran as sete da mañá do día dezasete despois do seu despedimento. A numeroloxía estaba do seu lado sen ningunha dúbida. Por fin, tras tantos anos de cativerio, Saúl sería libre de marcharse ás cálidas praias de máis alá dos mares.

Comezou por facer unha serie de flexións.

Catro en total.

E outra de abdominais.

Seis en total.

Tras esta primeira sesión de exercicio sentíase fornido e enérxico así que decidiu prepararse un bo almorzo; encheuse unha cunca do café que lle sobrara aos seus pais e fumouse dous cigarros.

Encho o seu estómago e, profundamente realizado coa súa forma física, procedeu a darse unha ducha. No baño, mentres a auga saía da alcachofa e estando aínda fóra da bañeira, pasouse polo menos dez minutos entre defecando, estalando graus e masturbándose, solo cando tivo rematado se meteu na ducha. O gasto de auga para el seguía sendo unha cuestión superflua.

Cando estivo limpo e baleiro en todos os sentidos posibles decidiu que era un bo momento para poñerse a estudar, así que se vestiu e dispúxose a saír á rúa para comprar un libro de aprendizaxe básica do idioma desexado.

Con todo, cando ía saír, atopouse unha nota *na porta*.

Nela a súa nai increpáballe con doces palabras a que limpase a casa, enumerando unha lista de polo menos dez tarefas.

Saúl finxiu non vela e, tras embutirse nun groso anorak e poñerse as luvas, saíu á xélida rúa.

IV

As xeadas rúas estaban desertas debido á xistra.

Saúl era un dos seis incautos aos que se lles ocorreu pisar as lastras da zona vella da cidade mentres o vendaval alangreaba por aló.

Por sorte a librería do barrio non estaba demasiado lonxe do seu portal, é dicir, demasiado lonxe no dialecto propio de Saúl, o cal equivalía a uns cincuenta metros. Para cando chegou, a súa roupa estaba empapada e non sentía a punta do nariz. Por sorte para el, para Saúl, había unha temperatura agradable no establecemento.

Tras quitarse a roupa mollada e deixala coídadosamente apoiada no paragüero (é dicir, a metade no paragüero e a outra metade no chan), achegouse ao mostrador. Desde o mostrador viu a percha, estaba xusto encima do paragüero. Non se molestou en modificar a súa anterior xogada.

O dono da tenda (o Señor Harry) era un bo amigo do seu pai, tiñan a mesma idade, e Saúl cría lembrar que estudaran xuntos, aínda que non sabería dicir se no colexio, o instituto, ou a facultade.

—A facultade, que perda de tempo...— elucubraba Saúl mentres vía ao sexagenario saír da trastienda con paso patizambo, —ao final todos acabaremos coxos e desdentados... e para iso voume a pasar eu media vida estudando e outra media traballando, cando podo gozar do sol, da calor, a praia, os bares, as mulleres...— ao chegar a ese punto os seus pensamentos volvéronse inconexos e alternaba microsegundos de lucidez con amplos períodos de luxuria contemplativa interna.

Nun deses momentos chegou, o señor Harry, para Saúl ben pudera pasar media hora desde o primeiro avistamento.

Mantiveron unha conversación formal, de segunda man, na que intercambiaban os típicos datos optimistas sobre o estado das súas respectivas familias, logo incorreron no motivo da visita de Saúl á Librería DSTVSK.

Si, o Señor Harry tiña libros de ensino básico do idioma desexado.

Si, os que utilizaban os colexiais.

E si, ademais tiña dicionarios bilingües para facilitar aínda máis a aprendizaxe.

~

Mentres o Señor Harry ía en busca dos tomos que Saúl quería, este, Saúl, púxose a investigar o contido dos angostos corredores que formaban as escuras e repletos andeis.

Atravesou seccións de clásicos, de literatura romántica, fantástica, histórica, tomos de divulgación científica e, ata lle sorprendeu atopar, nun escondido estante ao fondo de todo do local (practicamente oculto debido ao tamaño dos volumes das enciclopedias que ocupaban a repisa superior), unha balda de literatura erótica.

Transcorridos unhos quince minutos comezou a pensar que tardaba moito, o señor Harry, así que se achegou ao mostrador para apremarille.

Chamoulle unha vez, nun ton educado.

Repetiu este ton dúas veces máis, tratando de espaciar o suficiente as súas chamadas, por se ao vello—chibo—ollos—de—sapo lle custara poñer unha perna diante da outra, e logo foi aumentando o ton aos poucos, ata que lle deu a volta ao mostrador para internarse na trastienda a pescudar se tiña motivos para tardar ou se estaba facendo o xordo.

V

Detrás do mostrador había dúas habitacións máis que se conectaban a través dun corredor. A primeira era un almacén e a do fondo un despacho, pero que se utilizaba á fin e ao cabo para o mesmo fin que a primeira.

Seguía repitiendo “Señor Harry” coma un mantra mentres avanzaba polo escuro corredor, aínda que o seu ton había ido descendendo paulatinamente dun imperativo pueril a un interrogativo insustancial. Estaba a menos de tres pasos de converterse nunha súplica plañadeira.

Con cada pisada que daba poñíase máis tenso, o ambiente era asfixiante, a escuridade parecía consumir o osíxeno. Algo sucedera, era obvio, parecera que a propia edificación intentara dicir algo, o Señor Harry non podía estar tan xordo.

O almacén (onde Saúl quería crer que atoparía ao vello falando consigo mesmo ou entretido con calquera hábito onanista que tivese por afección senil) estaba deserto. A porta atopábase entornada, había quince ou vinte volumes espaxados polo chan, abertos en múltiples posicións, coma se o azar os lanzara ó aire. Debían de levar así algún tempo, xa que estaban cubertos de po e el non escoitara ningún ruído. Pareceulle estrano, non cría que fose unha persoa desordenada, o Señor Harry.

Cinco metros máis aló estaba o despacho, desde onde estaba podía ver, reflectido na parede do corredor, un recadro de luz mortecina que procedía *da porta*.

Dalgunha forma intuía o que ía suceder.

-

Dubidou un segundo antes de virar a esquina e meter o corpo de cheo dentro do despacho, durante ese segundo preguntouse se avisar da súa entrada. Pero non tiña sentido. De feito acabou por decidir que se aquel carcamal estaba alí pasando del íase levar un bon susto.

Meteu a cabeza de golpe no despacho, estirando o pescozo nun movemento de caza extremadamente reptiliano para un corpo humano, á vez que abría moito os seus ollos

saltos. O resultado foi o dun camaleón ruborizado con fuciño de bull terrier que cheirou un pito asado despois dunha semana sen comer. Se o vise, o señor Harry, sufriría un ataque de miocardio probablemente.

O interior do despacho estaba sorprendentemente desordenado. Había moitos libros abertos porriba de todas as superficies, incluído o chan, sobre todo no chan, e, por entre estes libros, unha rede de fíos de cores que unían páxinas dos distintos tomos formando unha estraña telaraña multicolor, un arcoiris trezado na escuridade.

Ao fondo, recortado contra a luz que deixaban pasar unhas grosas cortinas grises que separaban o interior do despacho das miradas do canellón, atopábase o Señor Harry sentado na súa cadeira de traballo.

Saúl suspirou aliviado e comezou a pronunciar o seu nome de novo mentres se achegaba a el. Só necesitou tres pasos para comprender que o Señor Harry non estaba durmido. En canto variou a súa posición, a coitela de luz que conseguía coarse entre dous panos de cortina ensinou o que a escuridade agochaba: o Señor Harry estaba morto, e tiña a cara extremadamente estirada nun estraño aceno de dor e terror.

VI

Por algún motivo fíxolle moita graza, a Saúl, a retracción dos músculos faciais do Señor Harry. Mesmo estivo uns segundos imitándoo, lembráballe a Sergio, un compañeiro do colexio que se pasaba o día facéndolle a burla aos atrasados mentais, Que sería dil?

Certo, un accidente de coche deixárao tetraplético, ás veces o karma funcionaba.

Investigou durante un intre por entre os libros que estaban abertos no despacho, a maior parte deles eran estudos sobre relixións e cultos antigos; unha profecía estrana por eiquí, un Deus malvado por alá, linguas mortas e xeroglíficos tallados en pedra, espíritos do inframundo e bestas abominables.

“En que andabas metido vello chiflado?”

Despois dun intre caeu na conta de que calquera podería entrar na tenda e atopalo á beira do cadáver, nunca era boa idea estar á beira dun morto antes de que estivese frío, alguén podería sacar conclusións equivocadas.

Mirou ao señor Harry por última vez e dixo en voz alta:

—Adeus avó chalado, espero que atope vostede moitos conejetes no inferno... ou o ceo, non sei...— engadiu mirando os libros que lle rodeaban e pensando no candor das chamas do averno— ou pirulís, ou o que busque, que eu niso non me meto, cada un pois xa sabe... busca o home que pasa fame... ou como era? O home que pasa fame busca... boh! Como fose —mantívose calado e coa mirada perdida polo menos un minuto pensando en algo máis que engadir—. Boeno, o devandito, que lle vaia...—

Entón un golpe tremendo ás súas costas calouno de súpeto. Virouse todo o rápido que puido e atopouse encerrado no despacho. *Na porta* había multitude de papeis colgados, parecía que todos os fíos converxían alí, como non se dera conta antes?

Encolleito e envolto nun medo de cor violeta Cobalto correu cara á saída. Ao agarrar o picaporte reparou nas ilustracións que cubrían a folla de madeira maciza; a maior parte delas aludían a formas caninas, moitas outras parecían monstros saídos dalgún pesadelo, híbridos de luras, elefantes, tigres... Todo tipo de bestas mutantes, amorfas e terribles. No centro de todas elas destacaba a ilustración dun cánido xigante e hipermusculado, ao seu ao redor había distintas palabras escritas cunha letra similar aos logos dos grupos de death metal:

URCO
CÉRBERO
TÍNDALOS
TREHUACO
FENRIR
DEP
HELHOUND

Espantado, Saúl saíu correndo do ominoso despacho cara ao corredor en penumbra.

VII

Ao chegar ao amplo recibidor da librería xa se relaxou de novo, comprobou a humidade do seu pantalón debido ao risco de choiva e sorriu aliviado ao atoparse o ceo despexado. Fóra seguía nevando.

Pensou que, xa que o Señor Harry estaba morto, polo menos non tería que pagar polos libros. Sempre se podía extraer algo bo daquelas situacións.

“Merda, os libros”

Nin sequera sabía se o señor Harry atopara o que necesitaba antes de... pensou unha forma suave de dicilo: “deixarnos? Pasar a mellor vida?”

Tivo que facer provisión de todo o seu valor para volver sobre os seus pasos.

Primeiro mirou rapidamente dentro do almacén, é dicir, aproximou o seu corpo ata quedar a un metro da abertura da porta, e logo inclinouse, coa cabeza por diante tentando asomar o seu fuciño porcino, co que só conseguiu desequilibrarse, estando a piques de caer ao chan.

Algo dentro del lle dicía que os libros estarían no despacho; sentiuse sumamente detectivesco bosquexando no seu maxín un razoamento lóxico de tres puntos polo cal cría que, se o señor Harry atopase os libros naquel almacén seguiría vivo.

“Exacto, seguiría vivo”

Quizá aqueles libros estivesen malditos.

Abriu a porta do despacho con sumo coidado.

Unha porta que renxía por suposto.

Unha porta que non quería nin tocar

Abriuna soamente dez centímetros empuxándoa coa fracción mínima da xema do dedo índice necesaria, foi suficiente; a cimitarra de luz caía sobre a mesa de traballo do Señor Harry, e mesmo desde onde estaba podía ler o nome do idioma que quería aprender.

Cruzou o limiar camiñando de costado, no bico dos e pés metendo barriga. Achegouse ao escritorio. Tiña aínda unha agarrotada man sobre os libros, o Señor Harry, e tivo que pegar un tirón para arrebatarllos.

Logo saíu correteando lixeiro e co sorriso dun neno que cometeu unha trasnada.

Antes de marcharse “tomou prestados” tres libros de temática erótica, un caderno de tapas duras e un puñado de moedas que estaban no mostrador, fóra da caixa rexistradora, collelas de dentro sería roubar.

VIII

Ese mesmo día foi notificado no seu domicilio, por parte da prima irmá do Señor Harry, a defunción deste último.

O seu pai, o de Saúl, clamaba ao ceo pola morte dun amigo tan querido, a súa nai, a de Saúl, tentaba consolalo a dous metros de distancia coas mans cruzadas á altura do baixo ventre por encima do mandil. Tiña os rulos violetas dos domingos postos, cousa que estrañou a Saul xa que era mércores, “sabería ela, a nai, xa algo da morte do home e por ese motivo se decidiu por un complemento solemne?”

Dúas horas de berros e bágoas despois Saúl decidiu deixar na mesilla de noite a Josephine Mutzembacher e saír a finxir que “que escándalo é este?”

Os seus pais, abrumadoramente aflixidos (máis ben o seu pai, a súa nai e os seus rulos parecían compracidos) relatáronlle a trágica morte do Señor Harry, o cal falecera aquela mañá debido a un repentino paro cardíaco.

—Por que señor?!

—Por que to tiñas que levar a el?!—

A prima irmá do Señor Harry, a Señorita Samanta, unha solteirona de cincuenta e tantos á que lle gustaba a bebida, parecía a medio camiño entre a conmoción e a hilaridade. A Saúl resultáballe excitante o histérico brillo da súa mirada. Viviu con ela un dos seus acalorados episodios de anuncio de champú, imaxinando a aquela mullerona mergullada nunha poza paradisiaca. Mentres a nai lle cambiaba a gasa fría da fronte ao seu pai deuse conta de que a súa propia calva suaba e pediu permiso para retirarse coa excusa de que estaba demasiado afectado pola noticia.

De volta na cama explorou o seu corpo mentres pensaba na Señorita Samanta e planteouse a posibilidade de ofrecerlle un oco na súa viaxe cara ao sur. Proxectou unha vida futura con aquela oronda muller madura, paseos sobre a area, xogar ás pas baixo o sol, recollerse sobre o seu colo durante o inverno...

Cando oíu que a muller se estaba despedindo, saíu a darlle o pésame extra-dramaticamente e ata chegou a bicarlle a man.

O xesto resultou obsceno involuntariamente, tanto, que desagradou á súa nai ata o punto de negarlle a sobremesa aquela noite.

Doeulle.

Eran cremas con canela.

IX

Chegara o momento de comezar a estudar:

Día un.

Comezou a apuntar no seu novo caderno todos os seus avances. Aprendeu nunha semana os pronomes e os verbos máis básicos, ser, estar, comer, beber, ler, foder, etc.

Primeiro aprendía como se escribían e logo inventábase a pronuncia, a cal rectificaba fronte ao espello do seu cuarto. Un día o seu pai entrara para chamarlle a comer (volviera a falarlle tras a trágica morte do seu amigo, consciente xa da velocidade do paso do tempo e a importancia da relación co que por desgraza era o seu único fillo) e, ao velo, limitouse a alzar as cellas en sinal de profunda desaprobación e pechar a porta ao saír.

Volveulle deixar de falar.

A Saúl pouco lle importaba que os seus pais visen ben ou non a súa decisión de aprender un novo idioma, só lle faltaban dúas semanas para marcharse daquela casa. Era o momento de ocuparse do orzamento.

X

Primeiro acudiu ao banco que había na súa rúa, a sucursal onde tiña a súa conta, para comprobar os seus fondos e baleirala.

Esperou unha cola de media hora, tempo que se pasou tratando de agochar co abrigo unha poderosa erección, as culpables eran as curvas dunha nova empregada, unha muller que debía medir un metro cincuenta e roldar os noventa quilos. Tivo o seu momento champú e a punto estivo de soltar a escuma.

Aínda que a muller levaba un cinguido traxe negro e atopábase inclinada sobre a mesa do seu despacho tentando facer entrar en razón a un señor de polo menos douscentos cincuenta anos, para Saúl a muller atopábase baixo unha fervenza do amazonas cun bikini feito de pel de leopardo e xemendo baixo os efectos dun xabón de baño alucinógeno.

Saúl levaba postas as súas lentes de montura dourada, as que se lle deslizaban pola ponte do seu nariz de pataca. Nun arrebatado afeitara a barba e deixara bigote, quería modificar a súa imaxe, mostrarse varonil. Tamén se vestira todo o ben que sabía; púxose un xerseí a raias anchas, vermellas e verdes, cunha camisa de cadros azuis e amarelos, a cal estaba embutida por dentro duns pantalóns de pana cor caqui.

Nos pés levaba un náuticos azul mariño desgastado que o seu pai utilizara para traballar polo menos durante seis anos.

Un home con estilo debe saber que poñerse para cada ocasión.

No portelo do banco tocoulle un estirado desagradable, a clase de home polo cal un evita as visitas á sucursal custe o que custe, “sempre mirando a un por encima do ombreiro”.

En total, na súa conta corrente, sumaba tres mil trescentas dezasete unidades. Estaba exultante, sorría plácidamente alleo á erección que case nin ocultaba. De novo a numeroloxía estaba do seu lado. Quen non o pasou por alto, a erección, foi un ancián que lle seguía na cola, o cal sufriu outro episodio de anuncio, no seu caso de ferramentas para o campo.

Pediou levar o diñeiro en efectivo e achegou o segundo vulto ao primeiro baixo a atenta mirada do ancián e coa súa posta nas enormes curvas da nova empregada do banco.

Logo saíu riseiro á mañá invernal xeando os catro pelos que quedaban na parte superior da súa ondulada e protuberante cabeza.

XI

Seguindo a súa tradición de inconsciente e incorrizable caradura, Saúl, comezou aquel mesmo día a pedir diñeiro prestado. Á primeira casa á que acudiu foi á da prima irmá do Señor Harris, a Señorita Samanta.

Entrou pola *súa porta* cun sobre-actuado aire abatido e, unha vez sentado no sofá, comezou a facerlle á muller mil preguntas sobre o seu estado de ánimo e saúde.

A Señorita Samanta parecía de moi bo humor o cal, aínda que Saúl non o comprendía, atendía aos propósitos do gorrón.

Ela ofreceulle un té e el aceptou.

Estiveron a falar ó redor de media hora sobre o Señor Harry. Durante ese tempo o neno metido en corpo de adulto aprendeu innumerables datos ata entón descoñecidos do defunto amigo do seu pai, como que estivera na guerra (unha guerra que descoñecía, cousa que non era de estrañar, xa que os conflitos bélicos de importancia histórica significaban o mesmo para el que o cálculo de derivadas).

Logo pasaron a temas máis íntimos; a Señorita Samanta preguntoulle que que facía coa súa vida, se tiña noiva ou por que non tiña noiva co bo mozo que era; a Saúl gustoulle o camiño que ía tomando a conversación.

A Señorita Samanta ofreceulle unha cervexa e Saúl aceptou.

Ela tomouse outra. Mentres a bebían, a cervexa, el fíxolle preguntas sobre a súa mocidade. Era unha muller culta, a Señorita Samanta, estudara filoloxía da lingua que Saul quería aprender. Tras un par de vagos intentos (que contiveron cento unha correccións) de tentar manter unha conversación na devandita lingua, a Señorita Samanta procedeu a relatar anécdotas sobre os seus días de estudante universitaria baixo a atenta e lasciva mirada do seu interlocutor.

Ao parecer durante aqueles anos existira un movemento revolucionario xuvenil (do que “curiosamente”, o “home”, nunca oíra falar) e o consumo de certo tipo de narcóticos era un costume máis ou menos estendido entre os mozos que del formaban parte. Por suposto a Señorita Samanta fora unha deles.

Foran anos gloriosos de manifestacións a favor dos dereitos da muller e en contra da guerra, si, a mesma guerra na que loitara o Señor Harry. Tamén fora un momento de liberalidade sexual.

A Señorita Samanta ofreceulle unha copa de licor e Saúl accedeu.

XII

Tres copas de licor e dous cigarros longos e finos (de puta chamáralles ela cunha chiscadela experta) despois atopábanse chocando barrigas e embuligando como xabaris nunha poza de lama sobre o sofá do salón nun vago intento de penetración.

Saúl, presa dun frenesí desbocado, salpicou en escasos minutos o escuro vestido cinguido da Señorita Samanta. Ela parecía máis divertida e excitada que enfadada, seguramente polo rostro purpúreo, suorento e inchado del. Animáballe con palabras cariñosas e maternais e logo tentábao de novo con xogos de mans e aperturas de *portas*. Isto axudoulle, a Saúl, a non tirar polo chan toda a súa autoconfianza.

Tras se volver a vestir, Saúl atacou o tema polo que fora ata aló, directamente e sen andrómenas, de feito por unha vez evitou a mentira e contoulle o seu plan de escaparse sen dicirlle nada a ninguén. Tamén lle dixo que acudira alí a pedirlle diñeiro, pero que o seu verdadeiro desexo era que ela o acompañase na súa aventura.

Sentía carraxe de si mesmo, todo un home, fixera o amor cunha muller de anuncio de champú, pedíralle cartos e aínda era capaz de contarlle os seus plans en voz alta, todo un home, si Señor.

A muller acariñoulle suavemente a cara coma se el fose un neno pequeno e foi ao seu cuarto a polo seu moedeiro. Saúl, co peito enchido, esperou pacientemente no sofá, serviuse outro vasiño e prendeuse outro daqueles cigarros de puta.

Deulle duascenas unidades, a Señorita Samanta, mentres lle manifestaba a súa negativa á cuestión de acompañarlle. Á vez que falaba sorría e logo prometeulle a mesma cantidade por cada visita que lle fixese antes do día da súa partida. Iso se ao final non decidía quedar, engadiu finalmente con outra chiscadela.

Saúl saíu da casa da Señorita Samanta cun amplo sorriso, chegaba desde os seus bicos ata as súas orellas, por todo o camiño estendíanse manchas de vermellas de beizos, pero el non o sabía.

XIII

Cando volveu saír á rúa eran as catro das tarde. O tempo pasáraselle voando, xa era de noite e unha espesa e pálida néboa apropiábase do centro da cidade.

Se Saúl fose un home máis precavido, ou atento, ou se polo menos lle concedese un mínimo de importancia á súa vida, estaría asustado. Non nos confundamos, non é que fose de carácter depresivo ou auto-destrutivo, simplemente era despistado.

Nin sequera miraba as esvaradías lastras ao camiñar, o que lle custou escorregar nun excremento de can, pero fixense o pouco atento que estaba que pensou que soamente pisara un charco, de feito nin sequera chegou a sabelo nunca, xa que a súa nai lavou os náuticos azuis pouco despois de que el chegase a casa aquela noite.

Retrocedamos de novo ata a camiñada que unía a casa da Señorita Samanta coa dos pais de Saúl.

O “home” ía pensando nos diversos posibles motivos da segura xenital feminina a certas idades, na multiplicidade de usos do licor e nos xemidos artriticamente-menopáusicos da Señorita Samanta.

Camiñaba polas estreitas e húmidas rúas da zona vella con aquel sorriso lascivo e pintado cuberto a duras penas polo groso pescozo do seu anorak.

Xa tería percorrido a metade do traxecto cando viu algo que lle chamou a atención, o cal, devandito sexa de paso, podía ser ou moi sinxelo ou terriblemente complicado, debido a que Saúl vivía constantemente nun balancín entre dous tipos de estupefacción, unha absolutamente introspectiva e outra inintelixiblemente curiosa.

Nese momento caera no segundo estado.

Cincuenta pasos por diante del un Señor cun andar patizambo levaba unha caixa de cartón no colo.

Era o Señor Harry.

Aínda que se detivo non foi capaz de permanecer estático baixo a doce caída do manto branco demasiado tempo, xa que a curiosidade era moito máis poderosa que o temor á posible resurrección do ancián.

Acelerou o paso ata case a carreira avanzando cara ao home que se achegaba escorrexendo polas lastras. Estaba envolto, o Señor Harry, nun groso gabán e achegábase á porta da capela de San Roque, unha pequena edificación de pedra que estaba practicamente oculta dado o crecemento ao seu redor da especie dominante na era, a *horrendam tecta*.

Tentou non botarse a correr para non chamar a atención, aínda que o ansia por alcanzar ao Señor Harry (se é que era el) era difícil de soportar. Cando o Señor, tras deixar a caixa no chan xunto á porta, virou a esquina que facía a mesma edificación, Saúl comezou a súa penosa carreira, curiosamente sen sufrir ningún esbarón cómico con caída incluída. Non se detivo a comprobar o contido da caixa senón que seguiu ao home ata o costado da antiga basílica de granito.

Ao virar a esquina atopouse ó ancián, estaría a uns dez metros, só lle vía as costas desde onde estaba. Freou en seco feito todo el un nó de dúbidas. E se era el? Que lle diría? E se non o era? O Señor parouse por algún motivo descoñecido esí que, Saúl berroulle dende a distancia.

O ancián virouse. Ata de fronte o parecido co Señor Harry era tan asombroso que Saúl rápido quedou mudo. Non podía ser el dende logo, o Señor Harry morrera, ou non? El vírao no seu cadaleito. Ata aproveitara un momento de soidade no velorio para adherirle un *mucus* detrás dunha orella por non ter outro sitio onde aloxalo. Para ser absolutamente sinceros fora un capricho infantil, por ver se o morto poñía cara de noxo (de facelo sería a Saúl ao que tivesen que enterrar a causa do susto).

O ancián do canellón miráballe coa expresión que utilizaría un acreedor ao bordo da banca rota. A Saúl ocorréuselle pensar que se realmente era o Señor Harry quizá estivese enfadado por pegarlle o *mucus*, ou quizá só fose un descoñecido que crese que lle ía a chamar a atención con respecto á caixa. Fose como fose, o *old—man* deuse a volta e botouse a correr como alma que leva o diaño (que leva o diaño ao lombo xa que o seu renegante e queixumento camiñar apenas se se podería calificar de lamentable para un flamenco moribundo con escordaduras múltiples en ambas as patas).

Entón acordouse.

Na porta.

A caixa.

Saúl deu media volta.

XIV

Volveu lentamente sobre os seus pasos, amolando o oído por se o Señor resucitado lle dese por volver recoller o seu paquete. Seguía sen sentir medo, pero aos ignorantes non se lles pode culpar diso, a falta de imaxinación fainos inmunes ao veneno do misterio da morte.

Alí seguía, por suposto, era unha fargallada de restos de cartón que no seu día contiñera algún tipo de cacao en po, aínda conservaba o logotipo, pero quizá debido á humidade estaba reblandecida e a piques de romper por todas partes.

Saúl anicouse e estaba a piques de rozar a superficie amarelo Cadmio coa man cando a caixa se moveu de golpe, dándolle un susto de morte que o tirou de costas.

Chocou coas nádegas contra unha chea de neve noxenta que alguén retirara da entrada da igrexa (apestaba a ouriñes, a neve), deu grazas de non caer de fronte.

Volveu incorporarse e comezou a empuxar a caixa cun pé, a modiño, tocaba un pouco e daba un saltiño cara atrás, miraba de lonxe, achegábase e repetía a xogada. Había algo dentro desde logo, cada vez que Saúl tocaba a caixa ese algo axitábase no seu interior.

Ao final una das lapelas superiores quedou un tanto levantada e o “home” puido entrever un fuciño negro que asomaba curioso cheirando o pérfido ambiente do centro da cidade no medio da escura e neboenta noite.

Era Un Canciño.

Un Canciño tan negro como o inferno nocturno que coroaba o ceo.

Terminou de abrir a caixa co pé por si o pequeno animal tivese mal carácter.

“Quen deixa un cachorro *na porta* dunha igrexa?”

Iso só pasaba nas películas. Encolleuse de ombreiros e recolleu ao pequeno facéndolle aloumiños e levándolle un rechoncho dedo ás diminutas fauces poboadas de innumerables estalactitas diabólicas. O Canciño tentaba mamar daquel dedo graxento. Aínda tiña restos de líquidos provenientes da cova da Señorita Samanta, riu ao ver que o seu novo amigo gozaba tanto deles como o facía el.

Logo volveu a olfatear as súas mans, Saúl, non O Can.

XV

Por suposto levou ó Canciño a casa. Introduciuno dentro do anorak deixando que o fuciño asomase un tanto para que puidese respirar. É certo que o mellor amigo do home soporta case calquera cousa do seu dono, o corpo de Saúl desprendía unha fétida mestura de suor de varios días, peste de sexo cocho, pacharán reseso, cigarros de putón, caramelos mentolados e unha infinidade de guarradas sen nome que poderían atoparse nun anexo de vida alieníxena.

Por sorte a súa nai, a de Saúl, estaba a cociñar, e o seu pai, o de Saúl, no salón vendo televisión cando entrou pola porta. Ao seu pai encantáballe pasarse horas fronte á caixa parva, dalgunha forma era un home que só esperaba a morte. Unha morte miserenta como a do noventa por cen dos seus conxéneres, prostrado nunha cama (ou nun sofá) esperando a que a parca tocase á súa porta a doce melodía estrañada. Un home, o pai de Saúl, para o que toda ambición morrera aos trinta anos, despois de casar, atopar traballo fixo e ensinarlle ao seu fillo a montar en bicicleta.

Tamén lle agradeceu, Saúl, ao santo da igrexa, San Roque, que O Can non tivese gana de ladrar. Se calquera dos seus proxenitores o atopara con aquel sarnoso saco de pulgas, faríanos ir parar de novo de cu á neve da rúa.

O pelo curto e negro adquiría tinguiduras de gris escuro, unha luzada case metálica baixo a luz pálida do cuarto de baño da súa habitación. Preparoulle unha cama improvisada con dúas toallas húmidas que facía tres semanas que lle dicía á súa nai que estaban lavadas tendidas e pranchadas, decidiu deixalo alí polo momento e darlle as sobras que puidese roubar da cociña.

Sería un bo compañeiro para levar á súa viaxe ó sur, O Can.

Só faltaban dúas semanas.

Foi á cociña e fixo o drama do “home” que busca traballo e non o atopa. Desde o salón o seu pai subía o volume do televisor para non ter que oírlo. Na cociña a súa nai asentía encunecada comprendendo a difícil situación do seu “pequeno”.

A muller preparoulle unha sopa quente e uns ovos fritos con patacas e salchichas e quedou vendoo comer, gozando da escena, no fondo encantáballe que o seu bebé grande seguira na casa e encantáballe abarrotalo de comida.

Aproveitou un descoido da súa nai para meter unhas sobras no peto, o sorriso dela alargouse aínda máis ao ver o prato limpo.

Logo bicou á súa nai e foise cara á habitación, polo camiño desexoulle boas noites ao seu pai que lle contestou cun —hum—.

Xa no seu cuarto e co Can no colo, tirado sobre a súa cama, comezou a facer relato de todas as persoas ás que podería pedir diñeiro.

Ao final tivo que levantarse e coller o caderno que lle roubaba ao Señor Harry e un bolígrafo para apuntar a todas as que se lle ían ocorrendo.

XVI

A tía avoa Melody.

Á tía avoa Melody sacoulle trescentas unidades. Foi o día seguinte de atopar O Cachorro. Contoulle que quería montar un pequeno negocio de teas nun baixo que tiñan os seus pais, pero que necesitaba diñeiro para comprar materiais.

Estivo ben para empezar. Era sinxelo. Á tía avoa Melody podería pedirlle diñeiro para escavar un túnel cara ao país dos elfos no interior da terra e a tía avoa Melody daríalle a metade da súa pensión encantada da vida.

O tío Michael.

O tío Michael era irmán do seu pai, aínda que non se parecían en absolutamente nada. Onde o seu pai era calvo, baixo e gordo, o tío Michael era un portento físico, era todo el pura forza e beleza. Saul sempre pensara que a súa avoa debía de ser un pouco lixeira de cascos, parecía imposible que aqueles dous homes saísen da mesma canastra de ovos.

Outra gran virtude do seu tío Michael era a xenerosidade. Obsequioulle con mil unidades para os seus “estudos universitarios”. Saúl aproveitouse da baza do amor fraternal, soltáralle cousas como que era moi importante que o seu pai non se decatase. O maior dos irmáns sempre fora demasiado orgulloso como para pedir nada, e o pequeno demasiado bo como para negarullo ao seu sobriño.

O primo Joseph.

O primo Joseph era o fillo de tío Michael. Por suposto de entrada pediulle encarecidamente que non tratase aquel tema con ninguén, nin sequera co seu pai.

Unha vez sentada esta base comezou a explicarlle que comezara un romance cunha bela nova, unha rapariga do barrio, pero que ela aínda non tiña idade para vivir cun

home. Ademais contoulle que os seus pais, os da moza hipotética, tiñan pensado casala cun primo seu, da moza, que era terriblemente rico e que por iso terían que fuxir da cidade.

Saúl por suposto daríalle a súa dirección futura e mes a mes mandaríalle parte do diñeiro prestado. O seu primo que era xerente dunha empresa de venda de automóviles, non o pensou nin un segundo e deulle mil cincocentas unidades. Saíu da tenda pitando e fregándose as mans.

O banco.

O banco ou máis ben a sucursal do banco na que tiña a súa conta corrente.

Baixou por alí catro días despois da súa primeira relación coa Señorita Samanta. Tras media hora de cola indicáronlle amablemente onde estaba *a porta*. Polo menos antes de irse recolleu material suficiente da nova empregada para outro acto de auto—exploración.

XVII

Sacou pois, dos seus familiares, as cantidades máis altas. Logo recorreu a amigos e/ou ex—compañeiros de traballo de todos os lugares e momentos da súa vida e sumándoos todos conseguira a importante cifra de oitocentasetentaetres unidades.

Para iso finxira enfermidades terminais varias, mentira sobre a morte de familiares e a caída na bancarrota dos seus pais, dixera que deixara a mozas embarazadas, que abriría polo menos seis tipos de negocios distintos e que ía comezar outras tantas carreiras.

Só lle faltaban tres días para a data marcada para a súa huída.

Elixirá aquel día en concreto porque os seus pais terían unha comilona na casa duns amigos, unha comida á que a súa nai, a de Saúl, dicía constantemente que non podían faltar. A casa dos amigos dos seus pais estaba a tres mazás de alí, polo que non necesitarían levar o coche, tería tempo dabondo para recoller as súas cousas e podería irse deixando unha simple carta, sen aparatosas despedidas. Sen ter que ver á súa nai chorar e sen ter que darlle explicacións ao seu pai de onde sacara o diñeiro; sen ter que pedir prestado un coche que non lle permitirían levar.

O seu dominio do idioma estranxeiro non avanzara demasiado xa que en todas as visitas que fixera á Señorita Samanta apenas dedicara tempo ao estudo. De todos os xeitos podería dicirse que aprendera unhas cantas leccións e ademais recollera do seu honesto traballo miloitocentas unidades máis.

Gardaba todo o seu diñeiro ben ordeado dentro do colchón, nun corte que practicara na parte baixa do mesmo anos atrás para esconder as súas revistas sucias, esas que tanto odiaba a súa nai e que máis dunha vez lle roubara ao seu pai. Todas as noites sacaba O FEIXE do seu agocho e facía un conto imaxinándose a se mesmo nunha praia asollada, levando unha vida de rei no sur, onde todo sempre era máis barato.

Mentres Saúl contaba diñeiro O Can comezaba a crecer.

XVIII

Despediuse da Señorita Samanta a noite antes de irse. Foi sen dúbida a despedida máis enternecedora e emotiva na “curta” vida de Saúl. Ela deulle un extra de cincocentas unidades polos seus favores (os cales lle dixo foran brutais) e un bico nos beizos xunto á promesa dun reencontro no caso de que algún día decidise volver á súa cidade de orixe.

El prometeu non volver.

Ela prometeu non crerlle.

Na cama, durante a noite, coa maleta xa preparada e gardada baixo o somier, pensaba en todas as cousas que deixaba atrás. Por un segundo case creu retractarse mentres pensaba na súa infancia, naquel tempo colmado de dita, no que todo se resumía en xogos, televisión e revistas cochas, sen que ninguén lle dixese que buscase un traballo, sen que ninguén lle mirase mal por non irse de casa polo menos dez anos antes, aquel tempo dourado no que as vacacións parecían durar anos.

Pero foi só iso, un segundo, as praias e o sol esperábanos a só uns días de viaxe.

Durmiuse sorrindo.

2. A VIAXE

I

Non houbo despedida *na porta*, só berros a través da mesma: —recolle a túa roupa— queda potaxe na cociña— busca traballo—...

A suma de decenas de palabras nun rexistro máis alto e agudo do necesario que conseguiron que Saúl (que aínda non estaba esperto de todo) se decidise por completo a abandonar o núcleo familiar.

Esperou pacientemente envolto nas mantas abrazado ao Can e acariñándoo para tranquilizalo, aqueles berros da súa nai poñíanos sumamente nerviosos aos dous.

Tras oír o golpe da porta foi cara á cociña tranquilamente, coa man metida nos sucios calzóns, a cadros brancos e raias amarelas, estragados e manchados varias veces por detrás e por diante. Preparouse dous bocadillos de mortadela e colleu un queixo, os restos dunha fogaza de pan e un par de botellas de auga para a viaxe, envolveuno todo nun trapo de cociña e fíxose un fatiño sentíndose coma un neno aventureiro.

Un neno demasiado grande e demasiado calvo para entrar nun peto de granxeiro á americana, pero demasiado pequeno para lavarse os seus propios calzóns.

Lavouse e vestiuse todo o ben que puido, esta vez colleulle uns zapatos novos ao seu pai, uns de festa, con hebilla, cor parda avermellada, que desentoaban claramente cos pantalóns de pana caqui que se volveu a poñer.

Xa estaba a piques de coller a maleta, o fatiño e ao Can para irse cando pensou que debía de masturbarse unha última vez como despedida. Utilizou as revistas do seu pai, as que escondía na racha do colchón, manchou por última vez as súas páxinas e logo escondeunas onde llas atopou ao seu pai, encima do armario da súa habitación, seguro que caería unha boa rifa ao home cando a súa nai, a de Saúl, subise a limpar o po.

Logo rouboulles as chaves do coche e coa maleta nunha man, o fatiño na outra e O Can metido nun sobaco, que xa volvía suar, baixou ao garaxe do edificio.

O seu pai, tiña un Mercedes gris claro, un coche que quería máis que ao seu fillo, neste caso non é unha frase feita. Saul relouno para sacalo do garaxe, fíxoo riseiro aínda que non á mantenta, por sorte o seu pai non o vería nunca máis, senón toda a situación supoñería a morte do “home”.

Era a terceira vez que conducía desde que se sacara o carné dez anos atrás, cando aínda tiña pelo.

Nos tres quilómetros que separaban o seu garaxe das aforas da cidade recibiu 34 bocinazos e a punto estivo de chocarse polo menos a metade desas veces, pero ao final conseguiu saír á circunvalación e de alí poñer rumbo á súa liberdade, co Can no asento de atrás, o fatiño de comida (do que ía sisando de cando en vez) no asento do copiloto e a maleta no maleteiro, que por certo ía mal pechado.

II

A primeira noite durmiron no coche, Saúl, o fatiño e O Can. Aínda que a un deles non quedaban moitas horas de vida, figúrense cal podería ser.

Estacionaron na beiravía, nunha estrada comarcal a escasos quilómetros da fronteira dun novo país. Saúl esperaba distanciarse rapidamente da súa casa, pero xa tivera suficientes horas de condución para unha primeira xornada.

O último que quería era que o pillasen a medio camiño e ter que devolver todo o diñeiro agora que xa case o conseguira. Conducira oito horas seguidas e para el era toda un maratón.

En total durmiu dúas horas.

En certo momento alguén lle tocou *na porta*.

Era un axente de policía.

Remerda.

Por sorte só foi un control rutineiro e unha advertencia sobre a imprudencia que supuña durmir nun coche e máis tendo en conta a pouca distancia á que estaban do tráfico.

No momento no que o policía pronunciaba estas palabras reparou no Cadelo do asento de atrás. Algo cambiou no seu aspecto, no do axente. Ao principio puxo cara de desgusto e logo a súa expresión demudou e converteuse nunha máscara de terror.

Saúl nin sequer tivo tempo para preguntarlle que lle ocorría xa que o axente marchou correndo. Aínda se estaba desperezando, quitando lagañas co seu dedos graxentos e dando grazas por quedarse calvo e non ter que pensar en peitearse ou no pelo engrasado e luxo tras durmir no coche. Cheirouse os sobacos — hum, *eau de guarré*—.

Logo deuse a volta para mirar ao Can que durmía plácidamente no asento de atrás, encolleuse de ombreiros e xa case despexado de novo volveu poñer o motor en marcha, amolentouse co ronroneo que lle suxería unha sesta e a poucos quilómetros de alí parou nunha cafetería para comprar tabaco e tomarse unas cantas cuncas de café ben pagado co diñeiro doutros, que, segundo din, sabe mellor.

Ás cinco da mañá do día seguinte xa cruzara a fronteira a outro país e o cheiro da vida nova asolagaba o automóbil, xa non sentía presión pola segura denuncia por roubo

que interpoñería o seu pai polo coche, seguramente os vellos nin sequera pensasen que o collera il. De feito era moi posible que o seu pai, o de Saúl, como estaba xubilado, nin sequera levantase o cu do sofá desde que volveran daquela comida.

III

A Saúl nunca lle encantara viaxar, de pequeno odiaba ter que ir no asento de atrás do coche dos seus pais. Antes de comprarse aquel pedazo de Mercedes tiveran un Volkswagen pequeniño e vermello de tres portas, detalle que lle facía sentirse sumamente encerrado, grazas a iso botáballe a culpa aos seus pais durante a adolescencia de provocarlle claustrofobia.

E quizá fose aquilo o que lle producía a claustrofobia realmente, o motivo que lle facía espertarse pensando en que tiña a man *na porta* preparado para saír cara á liberdade e que non houbese tal *porta*.

Quizá ese mesmo motivo impedíalle irse de casa dos seus pais.

Ou quizá simplemente fose un vago que tentaba culpar aos demais de todos os seus erros, algo moito máis probable, aínda que boeno, non debemos descartar opcións.

Fóra como fose estaba a descubrir que, cando era el o condutor a estrada víase distinta, cando o seu destino eran as praias do sur e non a casa na montaña duns curmáns afastados, cada quilómetro era un manancial cristalino de novos horizontes, descubrimentos e aventuras.

Paraba a comer cando tiña fame, o cal ocorría a miúdo, bebía se tiña sede e enchía cando o coche quedaba sen gasolina. Tiña diñeiro abondo, polo que calculara mentalmente, para vivir na estrada desa forma ao redor de dous anos. Miúdo luxo.

Outro detallíño a ter en conta, e polo cal a viaxe se facía máis pracenteiro aínda, era o fumar. Afecionárase terriblemente a aqueles cigarros de putón. Se o seu pai, o de Saúl, o pillase fumando naquel o seu queridísimo coche novo con asentos de coiro houberao despelexado vivo para volver a tapizalo coa súa pel. Esí que aproveitou para se tirar uns cuantos sonoros e olorosos peidos sobre o seu antigo peleso, o de Saúl.

-

Acabou por caer na conta de que debería durmir nunha cama para descansar debidamente, durmir sentado provocáballe dor de costas, así que parou nun hotel de estrada.

Foi no momento no que a Recepcionista Regordeta lle dixo o prezo por noite cando decidiu buscarse un aloxamento máis permanente.

A moza Regordeta e baixiña de recepción parecíase á súa profesora de primaria (a primeira en provocarlle un episodio de anuncio), aínda que esta era loura, a Recepcionista Regordeta.

De todos os xeitos Saúl caeu de novo e sen poder evitalo no seu momento de champú mental. A Recepcionista Regordeta sacudíase a melena levando unicamente a parte de abaixo dun bikini de zebra e xemía e xemía retorcéndose baixo unha fina ferverza que, traspasada por un chorro de luz matinal e selvática provocaba un arcoíris.

Ela seguía falando, pero Saúl estaba demasiado atolado analizando o seu desmesurado torso por encima das súas lentes de montura dourada, o seu bigote movíase ao compás dos seus beizos nun engurrado contoneo.

—...mascotas nin fumar en todo o edificio...—

—...—

—Ófume señor?—

Saúl asentiu e chiscoulle un ollo de forma lasciva.

Exactamente 13 minutos despois a recepción estaba baleira e un colchón de resortes renxía desde a habitación 17 coma se dous hipopótamos con problemas de ansiedade estivesen a loitar sobre el.

IV

Para cando cesaron a súa actividade sexual, a cal non durou demasiado, Saúl foi a acenderse un cigarro de putón aínda metido na cama mentres ela se poñía un sostén que parecían dúas ensaladeras unidas con encaixe negro.

Ela virou a cabeza bruscamente e por un segundo el pensou que ía gritarlle prohibíndolle acenderse o seu cigarro de putón, pero pediulle outro e logo foi a descansar o seu corpo esférico e o seu coiro pálido e brando ao seu lado mentres fumaban.

El contoulle a historia da súa fuga con todos os detalles, primeiro como o despediran do traballo, como o seu xefe, unha albóndega en salsa de suor, berráralle con aquela voz afrautada que non podía dirixirse así á súa secretaría (a secretaria do xefe era digna dun anuncio de champú). Logo contoulle como se enfadou o seu pai e como morrera o Señor Harry, nin sequera omitiu a parte na que fozaba coa Señorita Samanta, en parte por diñeiro e en parte por pracer. Isto acendeu á Recepcionista Regordeta que o escoitaba atentamente mirándolle soñadora e deslizouse baixo as sabas para atender a flacidez do “home” mentres el continuaba a súa historia.

Saúl pensou xusto naquel momento que quizá fose ela, a Recepcionista Regordeta, a compañeira idónea para a súa viaxe, a súa dama en apertos, a súa doncela, a Deusa do seu anuncio de champú. Así que lle pediu que fuxise con el.

Ela seguía aspirando cos seus beizos o tronco mustio que Saúl tiña entre as pernas. Succionaba, fregábao e bicábao, o tronco. Saúl volveu repetir a súa proposición e ela, que non soltaba o aparello, seguía cabeza arriba cabeza abaixo. Tivo que volver repetir a pregunta unha terceira vez antes de darse conta de que a muller non só llo estaba traballando senón que estaba a asentir. Foi unha feliz caída da burra.

Aínda que era precisamente o que quería sorprendeuse moito cando ela lle díxo que si cun sorriso desbordante de ilusión.

Un sorriso de ilusión na que burbulleaban todos os soños que saían do tronco de Saúl.

V

Tras facer desembocar e morrer a metáfora dos sonhos do tronco de Saúl axudados pola cisterna do water, ao que tivo que quitar o precinto hixiénico antes de levantar a tapa mentres sentía unha pequena arcada debido á cantidade de ilusións que lle acababan de deixar na boca, volveu á cama facendo contonear todo o groso das súas carnes, a Recepcionista Regordeta.

Unha vez alí, tombouse boca abaixo deixando colgar toda a parte da súa ser que non tocaba directamente na roupa de cama e apoiou o seu queixo no dorso das súas mans, deixando caer o peso da súa redonda cabeciña sobre os cóbados que facían de ancoraxe. Era a viva imaxe da actriz que pretende simular inocencia, máis aínda despois de partir un tronco unicamente coa súa boca.

Comezaron a facer plans

Ela abandonaría o seu traballo sen dicir nada, collería as súas cousas e o diñeiro da caixa e marcharía coma se tal cousa. Era a encargada do hotel, a Recepcionista Regordeta, e os donos non irían ata o día seguinte. Para entón, eles poderían estar moi lonxe, quizá xa noutro país, onde ninguén os atoparía endexamais.

Pecharon todas *as portas* do hotel.

Saúl fixouse nun adhesivo coa cara dun can, que había *na porta* principal, a súa fera expresión lembroulle ás ilustracións do despacho do Señor Harry. Xeóuselle o sangue. Pero a sensación desapareceu tan rapidamente como chegara cando a Recepcionista Regordeta tirou da súa man cara ao seu busto mentres lle lanzaba miradas cómicamente lobunas.

Apagaron o letreiro da estrada, non había ningún outro cliente e desa forma non chegarían máis. Saúl sentíase como cando quedaba só cos seus amigos en casa e xogaban a que había un monstro fóra, debían pechar portas, xanelas, persianas e cortinas e logo quedar nun recuncho escuro extremadamente quietos para que o monstro non lles oíse. Quizá aquilo potenciase a súa claustrofobia.

Minutos despois de ver o adhesivo do chuchoso sarnoso e haberllo sacado da cabeza cun bo magreo de mamas acordouse do seu propio Can, que quedara só no coche. “Quizá

tívese frío...” Logo pensou que os cans aguantan mellor o frío que os humanos e que lle deixara unha manta, unha mantiña sempre soluciona todos os problemas dos canciños.

Para cando consideraron que estaban seguros e que ninguén os molestaría, a Recepcionista Regordeta, que para Saúl só fora Señorita Recepcionista presentouse polo seu verdadeiro nome, Elise a Recepcionista. Xa se sentían a gusto e ela, Elise a Recepcionista, comezou a rebuldar de novo coa roupa de Saúl e coa súa ata que ambos quedaron espidos.

Había unha luz tenue nos corredores do hotel deserto e Elise a Recepcionista emanaba un cheiro penetrante, parecido ao das amoras silvestres.

Mentres corríaban gordos ambos e calvo el por aqueles corredores enmoquetados, tiñan a sensación de estar a vivir unha alucinación froito do ácido, unha alucinación que non querían que terminase nunca.

Facíalle falta un afeitado, a Saúl, a súa barriga peluda colgaba ata case tocar o seu membro erecto e tanto esta como as súas lentes saltaban arriba e abaixo mentres corría detrás de Elise a Recepcionista por encima daquela suave e carrañosa moqueta verde.

Simplemente non se podía crer que aquilo lle estivese pasando a el.

Todos os seus soños estaban a facerse realidade.

Unha muller do champú, un hotel baleiro e unha moqueta goldrenta.

VI

Estiveron a correr e xogando ao pilla pilla, ou ao violador e a prostituta sidosa, ou a como queira que se chamase aquel xogo durante uns vinte minutos. Logo, mantendo aquela nudez patéticamente perturbadora e unha respiración asibilante e roncadeira, ela, Elise a Recepcionista, comezou a ensinarlle as distintas estancias do hotel.

Primeiro ensinoulle unha pista de baile inmensa, ou o que fora unha pista de baile inmensa e que se usaba xa só para os banquetes grandes, como vodas ou festas de empresa. Desde a sala de mando, cunhas mamilas grandes como galletas e puntiagudas coma chincheiras que rozaban a táboa de controis, activou as luces de cores da pista. Unha tolemia DISCO de lume luminoso alumou a estancia, unha tolemia silenciosa, coma se o cinema mudo e a cor se xuntaran nos anos oitenta nun escenario sen actores.

A Saúl encantábanlle aquelas mamilas, as de Elise a recepcionista, e non estaba atento en absoluto ás luces. Eran distintos ás da Señorita Samantha, aínda que o resto dos seus coiros se pareceran moito. Os chupetes de Elise a Recepcionista eran practicamente planos (exceptuando o botonciño en si) dous discos de máis de dez centímetros de diámetro que tiñan unha cor moi similar ao do resto do peito. Non podía parar de observar o seu corpo ondulante debaixo das luces xiratorias e ata creu sufrir unha especie de desmaio.

Limpouse sucintamente a suor da calva e do grosso bigote e tentou disimular como boamente puido.

Ela puxo música sureña e comezou a bailar arrítmicamente, movendo como tola aquela masa de carne que parecía a cea dunha familia astronómicamente numerosa tentando escapar do día da des-feita.

Mentres saía da sala de mando cara á pista chamábao co dedo índice.

Na barra que pechaba a pista, nunha especie de semicírculo mal executado polos albaneis, prepararon dúas copas de ron e executaron uns torpes movementos de cadeira que case os tiran a ambos sobre a plaqueta axedrezada.

VII

Deixaron a música soando e, coas copas e os cigarros de putón que se cenderan fumegando nas mans, fóronse cara ás cociñas. Saúl nunca estivera nunha cociña industrial, tiña a primorosa sensación de estar nunha das viaxes de Gulliver, nun mundo para xigantes. Coñecía todos os utensilios, de vista unicamente, pero os que alí había debían de ser polo menos catro veces máis grandes que todos os que el vise ata entón. Algúns parecían feros e mortíferos, como os grandes coitelos de carnicero, e outros, como as espumadeiras, parecían os brazos dunha gran matrona que fose extraer aos seus propios fillos do seo dunha tixola de máis de medio metro de radio.

Elise a Recepcionista manexaba aqueles instrumentos coma se fosen da súa talla, aínda que por exemplo o círculo que formaba a espumadeira era bastante máis grande que a súa cara. Mentres ela cociñaba, el dedicouse a fisgar polos distintos habitáculos das cociñas.

Desde alí e coas portas pechadas apenas se se oía o son da música sureña da pista. Mentres paseaba entre os xigantes lavalouzas, que parecían cámaras de gas individuais, Saúl creu oír un ouveo profundo e queixumento que viña do exterior do edificio. O hotel atopábase nunha zona boscosa a varios quilómetros de distancia da poboación máis próxima, quizá fóra, entre as matogueiras, houbese cans salvaxes, ou mesmo lobos.

LOBOS

Deus Santo, polo menos pecharan aquel hotel baixo sete chaves ou non?

Pensou se contarlle a Elise a Cociñeira-Recepcionista-Regordeta, pero ao volver á zona dos fogóns e atoparse: os seus exuberantes; e deliciosos; e xigantes; peitos pálidos saíndo polos costados do cotroso mandil esquecéuselle por completo.

-

Cearon no comedor principal, coa música sureña de fondo.

A cea consistiu nun prato único. Entrecosto de boi con Patacas Fritas e ensalada. Era unha carne tan tenra e saborosa que o “home” non puido evitar pensar que as lorzas de Elise a Recepcionista terían que saber moi similares se llas botase á grella.

Tamén lle encantaban as Patacas Fritas, a Saúl. Cando era pequeno, ás veces a súa nai, se non estaba o seu pai diante, consentíalle comer unicamente ese prato, e preparáballe grandes fontes de crocantes e amareladas patacas, as que logo cubrían con multitude de salsas. Ela, a nai de Saúl, comía tanto ou máis que el, comía como unha salvaxe que leva unha vida enteira alimentándose de raíces, comía tanto e de forma tan bestial que cando o pai, o de Saúl, non estaba diante deixaba que a graxa se lle coase polas comisuras da boca ata gotear.

Foi algo que terminou de conquistalo de Elise a recepcionista, mirábanse o un ao outro mentres engulían e engulían aquel groso filete case cru por dentro, ela xa se quitou o mandil de Cociñeira e a graxa que goteaba do seu queixo caía entre os seus peitos, agora apertados entre si coa forza dos brazos que se lanzaban a pola comida. Saúl mantivo a súa erección imperturbable mentres durou a cea.

No centro da mesa puxeran un candelabro con sete candeas, Saúl pensou de novo na numeroloxía, e que a moza espida que tiña alén da mesa debía ser a indicada. A súa nova compañeira de viaxe. A súa amante e a súa confesora. Era a beleza ideal, todo o que desexara na vida nun mesmo recipiente.

Alí, á luz das candeas e coa música de fondo, mentres bebían un viño tinto, por encima da copa... confesoulle o seu amor timidamente. Ela, Elise a Recepcionista, ruborizaba, correspondeulle.

Por desgraza Saúl nunca chegou a saber se ela estaba a ser sincera naquel momento.

~

Cando acabaron para cear abriron unha botella de champaña, soou como un disparo por entre os ritmos latinos, e logo beberon champaña, o máis caro da casa, e, mentres o bebían, tiveron unha magnífica idea, bañarse na champaña.

Abriron a suite nupcial e, axudándose dun dos carros da limpeza, levaron ata alí setenta e sete botellas de champaña, logo puxeron música mentres os chorros de burbullas frescas mollaban a Elise a Recepcionista.

Setenta e sete disparos de cortiza no silencio dun hotel baleiro.

VIII

Acabaron por durmirse na suite, que mellor lugar que aquel? O chan do baño e do resto do cuarto estaba repleto de botellas e cortizas, de albornoces e toallas empapadas, de fluxos corporais e de saliva.

Ás cinco da mañá, dúas horas antes da prevista chegada dos donos do hotel espertoulles un enorme estrondo. E menos mal que os espertou aquilo, senón colleríanos con resaca e coas mans untadas en manteiga, literalmente.

Fóra, de entre os obscuros árbores do bosque chegaba ao interior do hotel un turbador funguido intermitente, intercalado co que parecía unha estrana lingua gutural e oubeos de distintas frecuencias.

Espertáronse ao mesmo tempo, Saúl e Elise a Recepcionista.

Miráronse co horror pintado nos ollos, un terror que tras mirar o reloxo da mesilla aumentou significativamente. Debían saír do hotel canto antes, con todo, o medo ao que puidese haber fóra era case tan forte como o que Elise a Recepcionista tiña a que os seus xefes a descubrísen. Tan aterrador era aquel ruxido .

Foron a buscar a súa roupa á entrada do edificio, onde a deixaran a noite anterior, a semi-escuridade dos corredores acolchados non axudaba a espantar os calafríos que sentían. Fóra, na noite, os estranos ruídos non cesaban.

Ela, Elise a Recepcionista, confesoulle o seu terror. El, Saúl, o “home”, un tanto indiferente xa, comentou a posibilidade de que fose maquinaria de tala e que houbese xente traballando no monte. Traballou tan ben a súa argumentación que a punto estivo de convencela.

Xa estaban dispostos a abrir a porta cando se acordaron do diñeiro.

Da caixa rexistradora apenas se sacaron trescentas unidades da moeda local, o que era, ao redor dun duascenas vinte na moeda do país de orixe de Saúl, pouca cousa.

Con todo, na caixa forte, da que por algún motivo Elise a Recepcionista coñecía o contrasinal (Saúl sospeitaba que non fora o primeiro home na vida de Elise a Recepcionista e que había máis dunha razón para que ela quixese fuxir de alí), sacaron setenta e tres mil unidades de moeda local, aquilo se era un zumarento premio digno da cova dun

ladrón de conto mouro, Saúl deu grazas ao ceo por parar naquel hoteliño e en ningún outro.

Xa *na porta*, coa bolsa do diñeiro na man el e outra bolsa con roupa ela, escoitaban atentamente os poderosos rouquellos ameazadores que procedían da negra-sombra mentres tentaban avistar algo no aparcamento do hotel.

Só había dous coches, o de Elise a Recepcionista, que tería que quedar alí para sempre, para que non lles seguisen a pista, e o de Saúl, o tremendo Mercedes que estaba a escasos dez metros deles. A escasos dez metros *da porta*.

Animouna unha e outra vez.

E ao final Elise a Recepcionista cedeu.

IX

Sáiron á carreira agarrados da man.

As bombásticas tetas de Elise a Recepcionista rebotaban sen cesar dentro da blusa case transparente que levaba mal abrochada, nese momento Saúl deuse conta de que se esquecera o suxeitador e deu grazas de novo ao ceo por visións semellantes. Nas dúas zancadas tras cruzar a porta xa a tiña como unha táboa de lavar de tesa.

No aparcadoiro parecía aparecer unha densa néboa a velocidade supersónica, xa que desde dentro non viran nin un triste farrapo cotoneiro.

Ela apremáballe a que abrise o coche desde a porta do copiloto.

A el tremíanlle as mans e non era capaz de introducir a belicosa chave na paciente fechadura, todo o contrario que un par de horas antes, poida que a diferenza estribase no cambio de *porta*.

Deu un súbito e estridente berro de alegría cando conseguiu abrir.

Ao seu ao redor, e provintes dos catro puntos cardinais, e do que parecían todas as gargantas do mundo, chegaban oubeos atroces, rouquellos tenebrosos, chíos espasmódicos e berros horripilantes que ascendían de volume a cada segundo.

El subiu ó coche a fume de carozo.

Mesmo soltou un peido ao apoiar o traseiro no asento.

Ela quedou petrificada,

na porta.

X

Chamouna a berros tentando facerse oír por encima do ruído exterior.
Ao ver que non respondía saíu do coche.
Viuna xa por encima do teito.
Ela estaba pálida.
Mortalmente pálida.
Deu a volta ao redor do coche e achegouse.
Cando foi a tocala ela estaba fría.
Mortalmente fría
Tentou facela reaccionar a base de sacudidas.
Pero coas sacudidas tirouna ao chan.
Ríxida.
Mortalmente ríxida

[...]

Os oubeos pareceran cesar de súpeto.
Encolleuse de ombreiros.
Pechou *a porta* do copiloto.
Meteuse no coche.
Arrincou.
Deu marcha atrás e saíu do aparcamento do hotel.
A escape.
Coma se os cans do inferno o seguiran de preto.

XI

Aínda sabendo que non había nada que o conectase coa morte de Elise a Recepcionista pisou a fondo e conduciu durante o resto da noite e o día seguinte para saír do país canto antes.

Por suposto ninguén o buscaba no control de fronteira, pasou tranquilamente, polo visto o furto dun ben familiar por parte dun dos integrantes da mesma familia non se consideraba un delito internacional. O que si se oía pola radio, aínda que xa noutro idioma, era a noticia do hotel e as estrañas circunstancias da morte da rapaza, el non entendía o que dicían, pero distinguía o nome do establecemento á perfección.

E a palabra morte, esa pérfida creación da mente pasada, a evolución da Incógnita Nai, a dexeneración a través do Destino que parece facerse entender en todas as linguas.

-

Pasou dous días coas súas noites no coche. Canto máis conducía máis lle gustaba estar dentro do vehículo, comía e durmía alí, só o abandonaba para abastecerse e facer as súas necesidades, todo o cal o facía nas gasolinerías que se ía atopando.

Sentíase alleo ao mundo que lle rodeaba, ás veces preguntábase se de diso trataría a liberdade, de darse conta de que un estaba só fronte a un mundo que, aínda que non sempre era hostil, si que era indiferente, distante, impropio de si mesmo e dos seus habitantes.

Ás veces, cando O Can necesitaba evacuar os seus intestinos, xemía dende o asento de atrás, outras veces simplemente calaba e quedaba mirando o infinito, coma se soubese que máis tarde ou máis cedo Saúl fose acordar da súa presenza. Cando O Can laiaba, adoitaba ser cando non aguantaba máis, Saúl paraba na beiravía e abríalle a porta sen baixarse do seu asento. O Canciño baixaba rapidiño, plantaba o seu piñeiro, matutino ou vespertino, regábao con devoción e présa, e logo volvía subirse ao asento de atrás coma se alguén llo ensinara.

Se crecera, O Can, Saúl non o notaba, seguía igual de adorable que o primeiro día. Co seu fuciño negro fulxente coma unha perla maligna, os seus dentiños coma espadas e aqueles ollos vermello-inferno que parecían encher de bondade o mundo, aínda que chovese, aínda que fixese un sol de mil demos, aínda que se toparan con Recepcionistas mortas e viaxaran nun coche roubado.

Cando paraba a comer, ía dando o Canciño porcións da súa propia comida e dáballe de beber cervexa nunha cunca de publicidade que lle tocaba cunha revista para homes, en cuxa portada había estampada unha muller case sen roupa e montada nunha motocicleta vella.

Xuntos percorreron rexión tras rexión, sempre cara ao sur.

El, Saúl, conseguiu apprehender dúas ou tres palabras en idiomas novos e cando se detiña a descansar, ou estirar as pernas, ou durmir nun hotel, levaba os seus libros, os que collera na librería do Señor Harry, e estudaba a fondo, o que para el significaba unha media de dúas sílabas diarias.

-

Unha semana despois de deixar á Recepcionista morta no aparcadoiro viu o seu reflexo no baño dunha gasoleira, poderíase dicir que por casualidade, levaba case dúas semanas sen afeitarse e unha densa barba contrastaba co brillo da súa calva, non lle desgustou o resultado e decidiu que a partir daquel día sería un home con barba. Dalgunha forma crecera coa idea de que os homes con lanuxe facial eran máis virís, coma se aquel matotox rezumara testosterona.

Naquela mesma gasoleira, a do espello, tivo a súa primeira diarrea do viaxeiro. Para soliviantala decidiu probar un truco que lle contara un amigo tempo atrás, cando os estudos aínda eran cousa de broma. Consistía en beberse unha botella de vodka con zume de limón.

Na gasoleira non tiñan zume de limón, así que o comprou de laranxa e engadiu ao pedido unha caixa de caramelos de café, un paquete de tabaco louro e unha revista para homes. A dependenta, unha moza morena de ollos claros miroulle riseira, pero Saúl non sufriu de anuncio de champú, a moza tiña un corpo demasiado pequeno. Unha Deusa digna dos seus anuncios de champú no medio do amazonas debía de ser grande, grandota, mangallona, grandiosa, grandilocuente, granfermosa, grandísima, grandérrima...

Pero sempre ben compensada.

Deu as grazas e foise tentando disimular ao andar que levaba o calzón manchado.

Pero por detrás.

E non só de forma recente.

XII

Ao día seguinte da súa primeira diarrea nunha gasoleira sufriu a segunda.

Ao parecer o remedio recomendado polo seu amigo, ou fora pouco efectivo, ou unha broma pouco graciosa, o único que conseguira fora esquecerse da súa descomposición. Quizá o fallo estivese na modificación da receita, ou quizá o seu amigo fose máis bromista do que lembraba, á parte dun alcoghólico empedernido.

Ao Can parecía facerlle moita graza velo conducir borracho, levaba todo o tempo a boca aberta nun hilarante sorriso de can, ou quizá non fose tan graciosa e a bebedeira de Saúl era maior do previsto.

Desde logo a resaca foino.

Ese día chegou á fronteira co seu país de destino, xa case podía cheirar o salitre do mar e sentir a brisa quente na cara, aínda que dado o seu estado de deshidratación pensar no sal e a calor era o último que desexaba.

Mentres reducía a velocidade para parar no control da aduana caeu na conta de que, aínda que aquel país era moito máis cálido, aínda estaban no inverno, —debería pois cambiar de hemisferio?—

No control non había cola para entrar, a maior parte da xente tentaba cruzar na dirección contraria. Víaselles angustiados dentro daquelas caixas de latón baratas que subían desde o país en cuestión. Vendo a cantidade de xente que de alí escapaba e o estado lamentable no que se atopaban comezou a cambiar de opinión.

Non lle durou moito.

Os dous policías que esperaban na liña mandáronlle pasar cun xesto distraído, nin sequera lle miraron á cara, fixaron as súas lentes de sol negro brillante un segundo na matrícula e ao ver o país de procedencia, procederon. Os paisanos de Saúl tiñan fama de eslamiados e pichas-frouxas, nada do que preocuparse.

Riseiro entrou en XXXXXX con dúas bolsas cheas de moeda de distintas divisas inservibles alí e un corazón cheo de soños.

XIII

Cincuenta ou cen metros por diante da liña fronteiriza atopouse a un home sentado na beiravía, ía ben vestido e levaba unhas lentes de sol negras moi negras. Estaba a facer auto-stop, o home das lentes de sol negras.

—Ola bo días—

—Bos días teña vostede. Desculpe, tería a amabilidade de levarme?—

—Ama... non saber que és ama...— lida—

—Aaah comprendo, fala vostede XXXXXXX?—

—...—

— XXXXXXX?—

(Vigoroso asentimento e cambio de idioma)

—Preguntáballe se podería vostede levarme—

—Si, por suposto, suba—

—Non se imaxina canto llo agradezo—

—Non ten por que agradecerlo, esí faimo compañía—

—Perdoe, non me presente, chámome Luís, pero os meus amigos chámanme Don Eduardo—

—Como di?—

—Do- on E- du- ar- do, os meus amigos chámanme Don-Eduardo—

—Si, si o entendín, pero, desculpe se lle parezo indiscreto, pero, iso non son dous nomes distintos?—

—Señor, ten razón, está a ser vostede terriblemente indiscreto—

(O Can gruñe desde o asento de atrás)

— Shhh—

—Así que ten vostede un can—

—Si, pensaba que... moléstalle, Don Eduardo?—

—En absoluto, en absoluto, adoro aos animais, e ademais, como verá, é mutuo—

(Sucesión de ladridos)

— Shhh cala, cala!—
—Déixeo que se exprese, iste é un país libre—

[...]

—Boeno, e... a que se dedica vostede Don...?—
—Saúl, chámome Saúl, non fai falta o do Don—
—Insisto, a que se dedica vostede Don Saúl?—
— Pooois... agora mesmo estou de vacacións, abandonei o meu último traballo porque me sometía a unha gran presión e necesitaba afastarme de todo un tempo—
— Ahmm... entendo, entendo... iso responde ademais á seguinte pregunta que lle ía a formular, así pois, baseándonos nas normas básicas do *Do ut des* tócalle a vostede preguntar—
—Que é iso do do ou...?—
—Indica unha relación de reciprocidade, eu doulle algo e logo vostede dáme outra cousa a cambio de valor semellante—
—Non quererá dicir *quid pro quo*?—
—Non, quero dicir *do ut des*, considero iso unha pregunta?—
—Considero eu a súa?—
—Moi ben compañeiro, creo que imos ter unha boa viaxe—
(Sucesión de ladridos)
—Si, si, non me esquezo de ti, vai preguntarme algo ou non?—
—Si. Que facía aí parado na fronteira tan lonxe de ningunha parte?—
—Non se equivoque Don Saúl, estaba moi preto de todo o que tiña que ter preto, estaba preto de vostede e deste coche, non é así?—
—Tecnicamente non, eu achegueime alí...—
—Eh eh eh, estaba preto: de atoparlle, se esperaba alí. Atoparlle en sentido figurado, a ver se me explico; neste exemplo é vostede unha figura retórica, chamémoslle o recolledor para ser absolutamente explícitos; eu estaba a espera do recolledor. Un paso fronteirizo ten moita probabilidades de estar transitado por varios recolletores ao longo do día. Ademais, estando alí a policía calquera se detería a recoller a alguén para así dar a impresión de ser un bo cidadán. Por tanto estaba moi preto de atoparlle a vostede, o meu recolledor, non é certo?
—Si... supoño que si...—
—Supón?, por suposto que si—
—Pero... non respondeu á miña pregunta—

—Por favor Don Saúl, non fixen outra cousa que responder á súa pregunta desde que me montei neste coche, vostede pregunta que facía alí, eu respondo que esperarlle a vostede. Agora tócame a min, cre vostede no destino Don Saúl?—

(Ladrído)

—Xa vexo que o seu can si, ten vostede un bo can por certo, un exemplar intelixente—

(Ladrído)

—E ben? Cre vostede no destino ou non?—

—Pois eu... non sabería dicirlle...—

—Esa é a peor resposta que me deron na miña vida. Sabe vostede? A miña esposa, o día de coñecela, contestoume que eu era o seu destino. Entre vostede, a peor resposta da miña vida, e a miña esposa, a mellor, hai dous abismos de diferenza. Quere tentalo outra vez?—

—Si. Non creo no destino—

—Eeeh! Demasiado sinxelo, segue sen ser unha gran resposta, igualada con outras mil cincocentas respostas iguais. Sexa orixinal Don Saúl, estou seguro que dentro desa cabeza hai moito por explotar. Ténteo de novo—

—Non creo no destino porque me faltou isto [...] para non recollerlle—

—Déixeo, as boas respostas non son o seu, non é o suficientemente frío como para deixar a un home cego na cuneta—

—Que? É vostede cego?—

—Desde logo vostede pareceo—

XIV

Don Eduardo resultou ser un gran conversador, o que equivalería a dicir que non pechaba a boca en ningún momento.

Ao Can non lle gustaba nada O Cego. El, pola súa banda, parecía ignorar tal feito e a cada intre achegáballo a man ao morro pretendendo que lle lamera, o que provocaba ao Canciño aínda máis, que saltaba sen parar de ladrar desde o asento traseiro.

Aparte do da conversación, O Cego, parecía ter todo tipo de apetitos, podía cheirar a comida polo menos a cen metros e varios muros de distancia. Comprobárono na primeira estación de servizo na que pararon, o home acertou todos os pratos do menú dende o coche cos portelos subidos. Era un olfacto canino, ou porcino, aquel tipo podería atopar trufas nun campo de esterco.

Saúl aventurouse a pensar que se necesitaba expulsar algunha ventosidade dentro do pequeno espazo que definía o interior do coche podería saber, Don Eduardo, ata a procedencia dos espárragos trigueiros da minestra que acompañaba á carne que comera dous días atrás, cría que mesmo podería adiviñar de que parte do país era a vaca e o que comera antes de morrer.

Á parte diso Don Eduardo, O Cego, fumaba como un auténtico carretero. Dende que Saúl o informara que podía fumar dentro do vehículo non parara de acenderse cigarros, cada un directamente coa cabicha do anterior. Sacaba paquetes de tabaco de todos os petos da súa ampla gabardina azul ao detective.

O incrédulo Saúl, vira polo menos seis paquetes de marcas distintas, non coñecía ningunha delas, mesmo parecían de distintos países, xa que algúns tiñan as etiquetas de advertencia de morte mal escritas ou con caracteres descoñecidos.

Unha vez viuille fumando mentres comía. Deixaba o palito mortal apoiado no prato, daba un bocado e logo unha calada, bocado, calada, bocado, calada. O prato e a comida acababan normalmente cheos de cinza. Cando se acababa o cigarro acendíase outro, os comensais das outras mesas observábano asqueados.

A Saúl pareceulle algo característico e interesante, unha mostra de personalidade; así que tentou facelo. Tres caladas despois desculpouse cunha escusa barata para ir vomitar

ao baño. O Gran Cego quedou sorrindo mentres esperaba, e comía e fumaba, comía e fumaba. Logo bebía. E logo comía e fumaba. E logo volvía beber.

Si, desde logo Don Eduardo era un bo bebedor, cada vez que paraban nunha gasolinera pedíalle a Saúl que lle comprase polo menos seis latas de cervexa (iso se non requiría botellas de maior gradación), non tardaba nin unha hora en bebelas. En canto abría a última, Don Eduardo, avisaba ao compañeiro de viaxe de que debían parar a encher. Saúl preguntábase onde podía meter aquel home tan miúdo (debía de medir un metro cincuenta) semellante cantidade de líquido.

Don Eduardo só ía ao servizo cando ía Saúl, ao principio a este pareceulle unha coincidencia, á terceira vez deuse conta de que o cego non se fiaba de que fose estar alí cando volveuse do baño e sentiu lástima por el.

Tiña tamén, Don Eduardo O Cego, un forte apetito de narcóticos, ás veces aspiraba un fino po branco que Saúl non vira na súa vida. Tras facelo a súa enerxía multiplicábase e era capaz de estar a falar durante media hora seguida de ningún tema en concreto e sen descansar un só segundo para que a conversación tivese aquel *do ut des* que antes nomeara.

Pero sen dúbida, o máis potente dos apetitos de Don Eduardo eran as mulleres. Pasábase tres cuartas partes (ou máis) do tempo que estaba esperto falando de mulleres. Non podía velas, pero a través do tacto era capaz de describir ata a cor da pel, ou iso dicía, pola apertura dos poros dicía, a rugosidade, o cheiro... Parecía ser todo un mestre nas artes amorosas e non cesaba de aconsellar a Saúl sobre o tema, anticipando os consellos con frases do estilo de: —Vese que está vostede moi verde Don Saúl—.

Raiaba e raiaba co puñetero tema.

Utilizaba todo tipo de vocabulario obsceno, A Saúl sorprendeulle que soubese mesmo máis nomes para denominar a vaxina que el mesmo no seu propio idioma.

Chichi, chumi, chimichurri, racha, ralliña, raiona, chomino, chocho...

Non calaba, tan pronto lle falaba da breviña da súa benamada esposa como do dunha prima súa coa que se deitou sendo nenos aínda.

O buraco, a papaia, o pexego, a frambuesiña, a cova...

Desde logo Don Eduardo, aquel grandísimo Cego, era un home de vicios ardentes.

XV

Ás seis da tarde da segunda xornada tras recoller ao seu pasaxeiro, comezou a anoitecer. Dúas horas máis de luz que no seu país natal pensou Saúl. Nese momento (e non antes) caeu na conta de que non sabía onde ía o seu acompañante.

—Depende, onde está a ir vostede? Polo cheiro diría que ao sur, equívocome?—

Claro, nin sequera sabía onde quería ir el en concreto.

Só quería praia, e area, e calor,
así llo expresou.

—Entón deberíamos ir á miña casa, está no sur do país, fronte ao mar, alí fai máis calor. E as mulleres... Uf que mulleres Don Saúl... Falando de mulleres, que día é hoxe?—

Saúl vira a data nun calendario na última gasoleira, el mesmo sorprendeuse pola cantidade de días que levaba fóra de casa, cando llo dixo o home parecía consternado.

—Pola barba rizada e pringosa de lefa de Deus! Don Saúl! a miña muller fai xa dez días que me espera na casa, se o seu destino é o sur, rógonlle que me acompañe, non vería un fogar tan hospitalario na súa curta vida—

O cego debía de ser polo menos sete anos máis novo que Saúl, pero non deixaba de tratarlle coma se este contase tan só dez primaveras.

Aceptou a súa proposición.

—De todos os xeitos, agora que escureceu, poderíamos parar nalgún lugar para pasar a noite non?—

Saúl pasoulle a man por diante da cara, non se podía crer que o cego soubese que xa non era de día.

—De acordo, a partir de agora describame os moteis que vexa, e dígame os seus nomes—

Pausa.

—Pero non me minta, ou sabereino—

Parecía tentar atravesar as súas escuras lentes cunha mirada cega de brancura e violencia inusitadas.

Saúl accedeu rapidamente e sen obxeccións. Don Eduardo era un tipo de vicios ardentés sen dúbida, e interpoñerse entre el e os seus problemas non parecía ser unha gran elección.

Pararon no motel Venus. En canto Saúl pronunciou a primeira sílaba do nomee Don Eduardo púxose a gritar:

—ESE! ESE!—

—Pare agora mesmo—

—que pare lle digo! Ou xurolle que me lanzo do coche en marcha como Don Eduardo que me chamo que me lanzo do puto Mercedes en marcha!—

Como sabería o cego a marca do coche?

Levaba dous cigarros acesos na mesma man e chupeteaba coma se o cancro fose o seu mellor amigo do colexio, o típico matón que dá de hostias a todo o mundo menos ao seu amigo o pequecho.

Tiña un cartel verde neón, o Motel Venus, e unha fachada rosa furcia desgastada polo tempo. No aparcamento había tres coches desfeitos, ningún deles parecía funcionar. Saúl temeu pola integridade do seu vehículo, pero a ansia de Don Eduardo era tan incontrolable que ao final baixaron do coche e entraron no motel.

XVI

O Motel Venus carecía de recepción como tal. Ao entrar, no canto de atoparse cun *hall* amplo e luminoso, tiveron que baixar unhas angostas e escuras escaleiras que cheiraban a amoniaco e a sangue. A entrada principal estaba por baixo do nivel do chan. A porta era de metal e estaba tinguida en negro. Un adhesivo vistoso e cotroso, que parecía arrincado parcialmente coa axuda dunha navalla, facía destacar con letras verdes a palabra Venus á altura da vista.

Saúl estaba tan tremolento que lle batían as pernas, ao seu lado, e moito máis seguro de si mesmo, Don Eduardo insistía en que non lle collese do brazo, que podía camiñar só, coñecía o camiño sobradamente. Se debía insistir era porque Saúl aproveitaba a escusa da cegueira para abrazarse a Don Eduardo.

O interior estaba escuro coma boca de lobo, Saúl creu oír un ouveo misturado co chirrido que fixo a porta metálica ao pecharse, isto fixolle pensar no seu Canciño que volvía quedar só no coche, e por algunha sucesión de pensamentos que non sería capaz de explicar, tamén nos debuxos cravados *na porta* do Señor Harry.

Don Eduardo tiña os pensamentos moi, moi lonxe dos cánidos, aínda que preto das catro patas.

Impedíndolles o paso había un home de etnia descoñecida para Saúl, pero do tamaño de dous homes grandes, miroulles escépticamente un momento, logo fíxose ao carón cun xesto de incredulidade e indulxencia na cara. A vulnerabilidade da cegueira parecía tan obvia para el como a dunha presa pequena para un can de caza maior.

A sala estaba tan vagamente iluminada por uns escasos focos de luz vermella que daba ao espazo un ambiente de claustro eclesiástico na igrexa da adoración ao díaño.

Aquí e acolá corpos de muller contorneábanse sobre descoñecidas e escuras manchas masculinas, outras bebían na barra e outras atendían detrás da mesma.

Saúl miraba ao seu ao redor terriblemente atemorizado, non terminaba de entender por que, pero aquela escena facíao sentirse des-protexido.

Don Eduardo, con todo, sacaba peito e o seu metro cincuenta parecía chegar ao metro cincuenta e cinco cando entre calada e calada levantaba o fuciño para olfatear o aire,

o cal proseguía cunha serie de xestos, sorrisos e dislocacións de mandíbula moi pouco agradables á vista.

Ao velos entrar achegáronselles dúas mozas.

XVII

A Saúl resultábanlle repulsivos os seus corpos e as súas maneiras.

Don Eduardo seguía facendo xestos inconexos e sorrindo.

—Ola mozos—

—Ola—

—Boas noites señoritas, como se chaman vostedes?—

—Jijijiji—

—Eu son Sandra e esta é Laura—

—Ben ben, así que Dona Sandra e Dona Laura, permítennos vostedes que as convidemos a unha copa?—

— Síii, claro —

—Camareira! Ola señorita, pode poñernos vostede unha copa de whisky e...?—

—Un ron-cola—

—Outro—

—E vostede?—

—Para min nada, grazas—

—Nada? Don Saúl permítame recomendarlle outra copa como a miña—

(Rumoreando)

—Isto levantará o seu ánimo e quizá con iso algo máis—

—Non, non, moitas grazas—

—Insisto—

—Non, de verdade—

—Veña machiño toma unha copa—

(un dedo rematado nunha uña longa e postiza e lacada en vermello deslízase por unha camiseta suada, xusto por encima da curva dun prominente bandullo)

—Eu... boh, veña—

—Así me gusta Don Saúl, confíe en min, non se arrepentirá—

XVIII

Charlaban sobre nada, sobre a cor das bragas baixo os vestidos cinguidos, sobre o tamaño das tetas de Dona Laura e Dona Sandra, da lanuxe púbrica e do tamaño dos membros de Don Eduardo e Don Saúl. Este último bebía coma se tivese sede, necesitaba facer provisión de toda a súa forza de vontade para permanecer naquel lugar e facer oídos xordos á grotesca presenza daqueles herpes con patas.

Ao terminar as copas as mozas pediron outra rolda, ese foi o momento no que Saúl reparou na cantidade de diñeiro que Don Eduardo levaba encima, ata ese momento había ido sacando os billetes dun en un e cada un dun peto diferente, con todo, envalentonado pola presenza das mulleres, ensinou todo o que levaba encima. Se Saúl estaba no certo, que o estaba, aquel home debía de levar encima, ou polo menos naquela carteiraña de avoa chocha, preto de vinte mil unidades locais, toda unha fortuna en efectivo.

As dúas mulleres intercambiaron miradas de complicidade e comezaron a atacar con máis afán aínda a Don Eduardo, o cal parecía sumamente agradecido polo trato delas a vulgar polo vulto que se debuxaba na súa entreperna.

Dona Laura, que tiña grandes tetas de mentira, baixábase aos poucos o escote.

Dona Sandra, que tiña grandes nádegas de mentira, subíase aos poucos o vestido.

Dona Laura, coas súas uñas amarelas, subía unha man pola perna de Don Eduardo.

Dona Sandra, coas súas uñas vermellas, collía a man de Don Eduardo e subíaa polas súas pernas.

Dona Laura poñía os seus beizos grosos e claros na orella de Don Eduardo.

Dona Sandra poñía os seus finos beizos untados en carmín ao redor da palliña lascivamente.

O Grandísimo Cego non vía unha merda de todo aquilo. El só palpaba, sorría e xesticulaba histérico, histriónico, demente.

Preguntou prezos e riuse mentres prometía unha xenerosa propina.

As mulleres leváronos guiados da man a través da ancha pista de baile onde outros homes ocultaban as súas caras ao velos pasar, tanto daba, un era cego e o outro estranxeiro. Atravesaron corredores escuros parcamente iluminados por varas de neois rosas e

verdes e logo subiron escaleiras arriba ata unha habitación de hotel máis común do que Saúl esperaba.

Unha vez alí quitáronse a pouca roupa que levaban facendo un paripé ridículo que a Saúl lembroulle a algunha película pornográfica barata, Don Eduardo bailaba ao son dunha música inexistente, danzaba e danzaba como posuído facendo xiros imposibles co pescozo e a mandíbula.

Logo espíronos a eles como boamente puideron (un era remiso e o outro estaba tolo e cego) e metéronos no baño. Unha vez estiveron os catro dentro da bañeira, facendo equilibrio e malabarismos entre tetas e auga tépeda, procederon a lavar os seus corpos.

Saúl seguía sen saber por que, pero aquela situación resultáballe completamente oposta ao que el entendía como erotismo.

Don Eduardo parecía estar nun parque de atraccións para sátiros cegos.

As mozas tentaron excitar a Saúl baixo a atenta mirada deste e a súa barba, pero era imposible.

— Veña machiño—

Zoábanlle o cimbrel una tras outra coma se quixesen arrincarlllo do corpo, Don Eduardo animáballe:

—ADIANTE CAMPIÓN—

— Enardezca ese mastro!—

—Seguro que ten vostede un bo canón aí gardado—

—Ice a bandeira capitán!—

—Despregue a vela de trinquete!—

Elas dicían cousas como:

—Veña home que cha vou a comer enteira—

E animaladas polo estilo, pero Saúl estaba arrepiado.

Saíu da ducha e secouse cunha toalla “limpa”, dentro, detrás dunha traslúcida cortina da ducha víanse os luxuriosos movementos de tres corpos de distintas tonalidades.

[...]

Despois de vestirse, Saúl buscou o diñeiro no peto de Don Eduardo e, tras deixarlle o dobre do diñeiro que valerían os servizos das mulleres, saíu do cuarto cun cigarro de putón berbeneiro perdido na espesa barba.

Dentro oíanse chillidos de diversión, palabras obscenas gritadas a voz en pescozo e gruñidos de pracer.

XIX

Saúl pasou pola escura sala tinguida de vermello-averno-neón, que estaba repleta de prostitutas coma súcubos famentos, sen que ninguén se fixase nel. Era só outro gordo triste que reptaba fóra da súa vergoña, quizá da súa picha pequena, ou do seu matrimonio infeliz, ou da súa calvicie, ou da súa incapacidade de falar con mulleres, ou da súa exaculación precoz, ou do seu gusto por prácticas extremas, inimaxinables para a muller do montón.

O xigante xa non estaba *na porta*, encolleuse de ombreiros mentalmente agradecendo non ter que ver a aquel animal de novo e saíu á morna noite de inverno sorríndose a si mesmo mentres pensaba na diferenza de temperatura coas noites na súa cidade de orixe, e no frío que debían de estar a pasar os seus pais.

Os seus pais.

Estarían a chorar a súa perda, desaparecido tanto tempo, o seu pobre neno grande...

O certo é que os seus pais levaron unha alegría tan grande con que se fora de casa que nin lles importaba que se levara as chaves do seu adorado Mercedes, o seu pai fora a comprar champaña e convidaran a amigos a cear.

De feito estaban a descubrir de novo a súa sexualidade e montaran unha sala de tortura erótica na antiga habitación de Saúl, con poldros, cordas, látigos e consoladores de todas as formas e cores.

Estaban a planear mudarse, por si o refugallo vital do seu fillo decidía volver por alí Na distancia el suspiraba de satisfacción e seguridade en si mesmo.

Unha calada e outra mirando ao ceo e...

“Que cona é iso?”

XX

Unha das portas do seu coche estaba aberta e o Porteiro Xigante estaba tirado no chan. Cunha man agarrábase ao picaporte da porta aberta, a outra non estaba, no seu lugar había un toco retorto e sinistro que manaba sangue como unha fonte infernal, como un pene do demo cernado e purpúreo que exaculase a vida de miles de pecadores sobre o aparcadoiro daquel maldito Motel Venus, unha parada máis na autoestrada ao inferno.

Saúl achegouse amodo ao tipo que esbardallaba roncamente mentres tentaba incorporarse. Mirábao desconfiado, Saúl, fumaba e camiñaba lentamente, a medio paso entre a indiferenza e a estupefacción surrealista. O Porteiro Xigante seguía tentando levantarse.

Só o tentaba.

Dende logo Saúl non estaba disposto a axudarlle.

A cada paso que daba se lle facía mais claro que aquel son infernal, provinte de todas partes, volvía comezar.

En canto se deu conta deu media volta e volveu entrar no Motel Venus.

XXI

Entrou aos tombos na habitación 17 tras dar tres toques *na porta* a modo de petición de permiso. Aínda que dadas as circunstancias a concesión de paso propia do decoro era absolutamente innecesaria.

Xusto enfronte da porta de entrada ao cuarto estaba a porta do baño, o chan do cal estaba cuberto de auga e o que parecían ser ouriños e excrementos. Excrementos humanos.

Saúl suaba presa do pánico, ou a emoción, ou fose cal fose o nome da terrible sensación que o embargaba. Suaba polas axilas, polo bandullo e o peito, pola entreperna e a racha do cu, suábanlle ata as cellas e a barba. Suando e impactado como estaba mirou atónito ó seu ao redor.

Á dereita *da porta* había unha cómoda e sobre ela unha bolsa de po branco flotando sobre un chorro de lubricante, no que había unha cantidade abundante daquel po mesturado, dándolle unha aparencia de seme mal licuado, de viño rebaixado. Este líquido derramábase pola cómoda e caía ao chan como por conta pingas, unha pinga por segundo.

Plick plick plick...

Polo chan de linóleo vermello había diseminados varios látigos de distintos tamaños, un deles parecía ter metal nas puntas por como brillaban. Tamén había un par de pitos de plástico por alí tirados, un deles debatíase en rápidas convulsións sobre si mesmo coma se fose un parasito alienígena tratando de atopar un hóspede. Se había sangue no chan, que todo indicaba que debería habela, non se distinguía.

No centro do cuarto había unha cama que media dous metros de longo por dous de ancho, sobre ela había un corpo totalmente enfundado en látex, só tiña dous buracos nos ollos e unha cremalleira na boca para respirar, o corpo suxeitaba nas mans en-guan-ta-das máis obxectos fálicos que parecían de metal.

Tamén había unha muller espida e encadeada á cama dunha forma inverosímil. Parecía Dona Sandra.

Por último e organizando a escena a golpe de fusta, a escasos centímetros dos penes de goma, estaba Don Eduardo coas súas escuras lentes, era o único que levaba posto.

XXII

- AAAH—
—Quen anda aí?—
—Don Eduardo eu...—
—Ah é vostede, Don Saúl. Tranquilas, tranquilas señoritas... Pase e peche por favor, non quede *na porta*—
—Eu...—
—Insisto—
—É que...—
—Nin é que, nin porque, nin que collóns... desvístase se é que aínda non o fixo e axúdeme a desmadellar a estas dúas pelandruscas—
—Eh!—
—É que non son vostedes unhas pelandruscas?—
(a muller encadeada lanzou unha mirada confusa ao corpo escuro que se encollía de ombreiros)
—Veno? Don Saúl, por favor, veña aquí agora mesmo—
—Don Eduardo escóiteme—
—Non, escóiteme vostede, deixoume só con estas dúas mulleres, estas dúas potrancas... estas dúas chupasangres que son dous súcubos do averno...—
—Eh!—
—Por que se enfadan vostedes? Se non entenderon unha soa palabra. Ben, deixoume vostede con estas dúas vampiresas fementas de carne varonil no medio do que pode ver é unha situación terriblemente complexa. Volveu, polo menos iso demostra a honorabilidade do seu carácter, pero concédame este desexo polo menos, axúdeme a vangloriar os sexos destas dúas damas!—
—Don Eduardo, non podo facer o que me pide—
—Pero por que non? Seica non é vostede home? É que o noso Señor na súa divina sabedoría non lle outorgou un membro digno do seu xénero co que deleitar ás nosas dúas convidadas? Ou é que seica é vostede un deses puritanos que temen desvestirse en

público? En calquera caso eu non o verei, e estas señoritas están curadas xa de calquera espanto, ben podería ter vostede un bulbo torcido e malformado que elas o atenderían co mesmo consinto que á columna vigorosa do coloso de roma—

—Don Eduardo, témome que debemos irnos agora mesmo, e que debe facerme caso, porque non podo dicirille os motivos agora, téndoas a elas diante—

—Con que esas temos, con que non pode vostede fiarse destas dúas mulleres de tan dubidosa reputación non é así? Nin sequera falando nun idioma que elas apenas comprenden. Xa comezo a entenderlle Don Saúl... É vostede un de eses... Pensa vostede que estas mulleres, debido á súa profesión, non son dignas da súa confianza; Vostede! Un home que abandona a súa patria dunha forma tan misteriosa para chegar a un destino descoñecido. É vostede o que non pode fiarse de tan belas damas? Permítame dicirille que na antiga grecia relacionaban a beleza interior coa exterior, algo sen dúbida razoable e cuantificable ata para un invidente...—

—Hai un home morto no noso coche—

—Aaaah—

As señoritas parecían entender máis do previsto.

—Como di? Acóguen señoritas acóguen, que non renda o pánico, Don Saúl recolla as miñas roupaxes e pague ás damas o que se lles debe—

[...]

—Está?—

—Si—

—Marchemos logo—

—Pero, Don Eduardo...—

—Dígame—

—Non se vai a vestir vostede?—

—Vén vostede a cortarme no medio de... vostede xa me entende... porque hai un cadáver e agora vénme con miudallos sobre vestimenta, xa teremos tempo cando... eh, eh, onde se foron as señoritas?—

—Marcharon correndo en canto lles dei o diñeiro—

—Pois corra Don Saúl corra, que xa remataron os tempos nos que un cabaleiro podía fiarse dunha meretriz—

XXIII

Cando por fin chegaron ao aparcadoiro había alí un gran balbordo. Eran tres xa os corpos esnaquizados xunto ao coche e decenas de persoas corrían en todas direccións. Fulanas facían saltar as súas tetas tentando manterse encima dos tacóns en carreiriñas cara a ningún sitio, algunha delas foi atropelada, quizá por algún vello gordo que saía tan espido como o propio Don Eduardo, que por certo tiña un corpo atlético; fixouse Saúl.

Dous autos chocáronse tentando saír do aparcadoiro e de todos os recunchos do bosque que os rodeaba chegaban os horribles oubeos que Saúl escoitara no hotel de estrada, alí onde morrera a pobre Elise a Recepcionista-Cociñeira, aquela fantástica Regordeta. Saúl sentiu unha profunda pena ao lembrala, pero pasóuselle rapidiño.

A diferenza dos demais, Don Eduardo e o “dono” do Mercedes estaban moderadamente tranquilos, tiñan quizá algunha présa por liscar, pero non destacaba nas súas facianas o terror vermello e paralizante que se adiviñaba nas da multitude que corría polo aparcadoiro.

Era a máis absurda das carreiras imaxinables.

Don Eduardo, espido no medio da marabunta agarrábase grácilmente ao brazo de Saul, o cal miraba de cando en vez asombrado ao colgallo do cego admirando o seu tamaño. O tipo ademais camiñaba coas pernas moi abertas coma se quixese que a súa manguera fixese de aspa de helicóptero ao camiñar. Daba a sensación, con aquelas lentes de sol, de ser unha estrela do rock pousando para unha revista.

Apartaron os corpos da porta do copiloto como boamente puideron, ora tiraban dunha perna, ora agarraban unha cabeza, ese tipo de quefaceres que se tornan normais cando te atopas varios cadáveres desmembrados e diseminados ao redor do teu coche, un día entre semana, no medio dunha traumática fuga post-adolescente.

Subíronse ao Mercedes coma se tal cousa e arrincaron de novo en dirección ao sur.

XXIV

—Por certo, Don Eduardo, aquí ten o seu diñeiro—

—Pero, como? En que momento? É que tiña vostede pensado roubarme Don Saúl? Que desvergoña... Que falta de conmiseración para cun home da miña condición. Non me esperaba eu isto de vostede Don Saúl, tiña por un home de firme conviccións. Un home con moral intachable, iso cría eu, pero xa vexo que a un sempre lle toca a xiringa con sida...—

—Don Eduardo agarde...—

—Non, non quero escoitar as súas pobres escusas de delincuente. Que grosería! Que falta de respecto! Que vulgaridade e que falta de educación, e de vergoña! Comportarse comigo de tal maneira! Comigo! Que sempre fun con vostede magnánimo e condescendiente. Eu! unha alma altruísta que non procuraba senón o seu benestar e profundar na raíz dos seus praceres e así mo ha de pagar... díscolo infame desertor da súa patria...—

—Don Eduardo estase vostede equivocando...—

—É certo, equivoqueime. Tiña eu a vostede por un sabio buscador de novas aventuras e praceres e non me atopei senón a un cleptómano insaciable que non dubida en aproveitarse das minusvalías e a falta de fortuna dos máis desfavorecidos... é vostede da máis baixa clase Don Saúl. Don? Permítame sustraerlle por fin a elevación de categoría á que lle expuxen...—

—Por Deus Santo Don Eduardo, escóiteme!—

—E atrevese sequera a nomear a Deus, a profanar o seu nome coa súa pagá boca de infiel. Noo meu moi señor meu, non se equivoque, Deus non quere saber nada de vostede, nin quererá sabelo nun futuro, pode deixar de asistir aos oficios dominicais xa que nada queda neles para vostede. E non, non penso escoitalo nin un segundo máis, deteña este vehículo con destino ao inferno, pérfido servidor do máis malvado dos entes, permítame condecoralo coa medalla ao declive da súa xeración—

(Ladrido)

—Exacto, coñécevos ben o can, mala sorte para el crecer baixo tan nefasta influencia...—

(Ladrido)

—Claro pequeno... Coñó! pero non me dicía que o becho non contaba máis de tres lúas, a que raza pertence? Ao satan canis? Deteña o coche, négome a continuar baixo a sombra putrefacta da súa compañía—

XXV

Detivo o coche na beiravía aproveitando que a aquelas horas o tráfico era inexistente.

O Cego fixo un simulacro de despedida co brazo e, aínda espido e coa súa roupa recollida nun fatiño que xa enganchara ao seu bastón de invidente (que non se sabía de onde saíra), baixouse do automóbil.

Tiña as súas dúbidas, Saúl, sobre se deixalo alí á súa sorte, espido e desprovisto de visión, pero sentíase ferido polos insultos que do home recibira así que arrincou o coche e continuou estrada abaixo, sempre cara ao sur, deixando ao Cego-Espido a mercé da escura intemperie.

-

Mentres conducía pensaba nas súas boas intencións para con Don Eduardo e o seu diñeiro, e o mal pagadas que estas resultarían. Dáballe voltas á posibilidade de que a pretensión humana de realizar boas accións adoita vir recompensada cun xerro da auga xélida da decepción.

Por sorte para el non lle tocaba recibir demasiada auga fría na súa vida (sempre lle tocaba a el ser a decepción), e se estaba na súa man evitaríao na medida do posible.

Nun aparcadoiro de caravanas intercambiou a súa matrícula estranxeira por unha local, con sorte o dono tardaría uns días en darse conta. Nunca roubara (exceptuando o coche do pai, do de Saúl), así que se pasou os vinte minutos que durou a intervención suando de novo coma un marrau ao que lle chegou o San Martiño. Miraba en todas direccións, seguro de que en calquera momento aparecería unhas luces azuis e vermellas e unhas sirenas anunciando a súa inminente condena. Arrestado por ladrón e por ser vítima de mulleres de anuncio de champú, e por deixalas morrer nos parkines e por exercer de Lazarillo cun putero, e por pedir diñeiro prestado, e por levar un can no asento de atrás, e por...

En todas esas cousas pensaba mentres, axudado dunha chave de parafusos quitáballe a matrícula a unha vella caravana. A dous vehículos de alí unha parella maior xogaba ao sexo do ataque de miocardio.

Logo escapou como a rata que era.

E

para cando o horizonte comezaba a clarear detívose nunha pensión, un buraco de mala morte onde se facían intercambios de reféns entre bandas de narcotraficantes, e bu-liuse nunhas sabas repletas de amareladas manchas vellas das que adiviñar a procedencia antollábaselle unha tarefa terriblemente soporífera.

XXVI

Ao mediodía, cando se espertou, o sol lucía cacheirón e fulxente porriba dunha dourada chaira sementada. Sementada dunha suor e un traballo que el, Saúl, nunca coñecería. Grazas ao ceo.

Estaba a achegarse ao seu destino.

Coa súa vasta pronuncia do idioma local conseguiu pedir que lle levasen un almorzo á súa cama (o que lle impresionou, xa que aquel sitio parecía ter máis que servizo, homicidio de habitacións) e tomouno mirando a chaira liña do ocre horizonte que se estendía da estrada cara ao sur.

Pensou en que O Canciño levaba xa un día sen comer cando viu o seu coche no aparcamento do hotel, logo caeu na conta de que tampouco bebera, e por último na calor que debía facer dentro do vehículo coas xanelas pechadas.

Ao acabar o almorzo foise ao baño e moi contento comezou a súa rutina de baleirado e limpeza. Ouriñoou, defecou e masturbouse pensando en Elise a Recepcionista (fixo as tres cosas pensando nela), logo deuse unha ducha e lavou os dentes. Por último afeitouse, nese momento lembrou o que o seu pai sempre lle recomendaba, era mellor afeitarse antes de almorzar.

Rasurouse pensando no seu pai e volveu deixarse o poboado bigote.

Logo púxose a roupa comprobando a peste a suor que desprendía xa pola falta de lavados. Cheiraba coma se un elefante houbese cagado nela, que houbese cagado unha masa de formigas a medio dixerir provientes dun vertedoiro industrial de Bangladesh. Resolveu comprarse roupa nova na seguinte poboación grande que visitase.

Mentres descendía as escaleiras que levaban á recepción deuse conta de que non tiña diñeiro en moeda local, a tranquila mañá de súpeto antollóuselle terriblemente tensa.

Por suposto non lle deixarían pagar en moeda estranxeira, por alí preto non había bancos e el non tiña tarxetas de crédito xa que baleirara a súa conta.

Necesitaba unha saída de emerxencia.

Aproveitou un descoido da Señora da Limpeza para utilizar a escaleira de servizo que facía tamén de saída de emerxencia, ou polo menos aquilo pretendía demostrar o

letreiro apostado no dintel *da porta*. Non había pasador desde o interior do hotel así que en caso de emerxencia aquela escaleira non serviría de moito. Iso pensaba Saúl mentres baixaba a pouco menos que pincha carneiras os chanzos co seu bandullo saltando e o seu bigote suorento.

Baixaba tan apresa que a punto estivo, por tres veces, de tropezar e baixar rodando os tres pisos de chanzos que en total sumaban trinta e seis banzos.

Sorriu para si ao chegar abaixo e abriu a porta que daba á rúa triunfante.

Con todo non se esperaba o que no aparcadoiro se atopou.

Ben podería ser unha parella de mamuts lanudos facendo un 69.

Ou uns inuits pescando nun buraco practicado no asfalto.

Ou un híbrido dunha xirafa e un avestruz poñendo ovos de ouro.

Pero dende logo non era ningunha daquelas cousas.

XXVII

Chegados a este punto a Saúl o que menos lle sorprendía era atoparse a uns cuantos mortos ao redor do seu auto.

Con todo,

Don Eduardo golpeaba o corpo inerte dun home duns cincuenta anos. Un home vestido de traxe e ben peiteado, cunha boa mata de cabelo castaño que se recortaba apelmazado contra a grava do chan. Dos petos do home saían panos de cores e bailando e estoupando ao redor do coche había multitude de globos de feira, de moitas cores e imitando formas de animais.

Don Eduardo non deixaba de atizarlle.

Levaba os botóns da camisa mal abrochados e un dos faldois saía de dentro do pantalón a través da cremalleira baixada. Suaba, O Cego, e unha baba branca coábaselle por entre os beizos mentres se debatía a fartar co cadáver, ao que estaba encadeado.

Saúl resoplou indulxentemente e achegouse á estraña parella que curiosamente se atopaban a un metro escaso do Mercedes do seu pai.

XXVIII

—Ola Don Eduardo, que boa mañá fai hoxe non si?—

—Aaah Velaquí o insidioso maquinador de perfidias! Isto é obra súa non é así? Debía de sabelo, que lle fixo? Envenenalo? Ou foi algún tipo de maxia escura? É vostede un servo de Satanás, un bruxo, un...—

—Mire, ten dúas opcións, vir con este servo de Satanás, ou que o atopen na segunda escena dun crime. Ademais, non paguei o hotel—

Montaron no coche e romperon a cadea das esposas coa porta.

[...]

—Don Eduardo, escoite...—

—Non teño...—

—NON! Escóitame ben o que lle vou a dicir. Eu non quería roubarlle o seu diñeiro. Podo ser moitas cousas, dicía a miña nai que era un sucio e un desastre, e poida que un saído e un vago, pero tamén son honrado Don Eduardo. De querer roubarlle non iría a buscalo despois. Se lle quítei o diñeiro da chaqueta foi para que aquelas señoritas non quedasen con el, que era o que querían desde o momento no que lle viron a vostede sacar os billetes na barra—

—Terminou?—

—Si, supoño que si—

—Eu xa sabía todo isto Don Saúl. Permítame devolverlle o título que eu mesmo lle impuxen no seu momento. O primeiro que debo dicirlle é que eu nunca desconfíei das súas posibilidades. Sempre me pareceu vostede un home dunha moral ímpoluta, nítida e clara. Un paladín da xustiza. Un feixe de virtudes. Un perseguidor da ímproba labor do noso señor na terra. En resumo, sempre o valorei como a un perfecto compañeiro de viaxe, dubidar pola contra paréceme unha desvergoña pola súa banda—

[...]

—Entón... por que dixo vostede esas cousas ao saír de... a casa de citas?—

—Aaah o meu querido Saúl, paréceme que aínda non comprende vostede a relación que deben manter dous cabaleiros, dous compañeiros de armas, dous exploradores do mundo moderno. Cando eu finxo estar enfadado con vostede e lle faltou ao respecto é porque espero de vostede o mesmo trato, deses forma dous machos adultos afianzan os seus lazos comprende?—

—Entón vostede sabía que eu non lle pretendía roubar non?—

—Por suposto! En todo momento fun consciente do seu valeroso acto de compañeirismo ao volver internarse no interior do lupanar. E, hei de dicirlle, que me pareceu unha absoluta falta de decoro e ao mesmo tempo un acto profundamente respectable o que vostede me deixara alí na estrada sabe?—

—Síntoo—

—Non hai nada que deba vostede sentir compañeiro. Paréceme un xesto digno dun home, unha decisión tomada con un carácter correcto, forte e nobre. É vostede estudoso da bioloxía?—

—Non moito a verdade—

—Pois debería, debería. Verá vostede, EU podo xactarme de pertencer á facción humana dedicada ás ciencias, e entre elas á que estuda a evolución, e por iso sempre posúo no meu haber algún símil co que comparar a vida humana coa animal. Así pois eu compararíalle neste momento a vostede cun cabalo, un pura raza, quizá non un tan belo e de pescozo forte como o noso, o nacional, pero quizá si un dos de allende os mares, baixiño e panzón; de anatomía semellante á dun mulo ou un burro grande, pero cunha resistencia abraiante. Como os burros agora que o penso, sabe vostede, Don Saúl, que os burros son uns animais extraordinariamente intelixentes? Pois sono querido amigo, sono. Un familiar meu posuía un bo exemplar cando eu era neno... sniffff... arghhh... si... sniiiifff... arrghhh—

[...]

—Boeno, por onde ía... Ah si! O burro! O meu Tío Avó tiña un burro cando eu era neno, o meu Tío Avó chamábase Manuel, e o seu burro Manuel tamén. Todo o mundo lle preguntaba porque lle chamara Manuel ao seu burro, pregunta normal o meu entender, e ao seu tamén supoño. O caso é que o meu Tío Avó chamáballo Manuel ao seu burro porque dicía que o burro era exactamente igual que el, que tiña a sensación de que duplicasen a súa alma e a iintroduciran naquel animal. Se o meu Tío Avó bebía unha cervexa, o animal collía outra botella cos dentes e trasegaba outra botella, e o mesmo facía co viño ou coa comida. E pensará vostede, burricáns omnívoros levaráanse visto, ao que eu

lle responderei que, por suposto, non era a única calidade especial do animal. Polo visto aquel burro coñecía a linguaxe. Así pois, se un home ousaba burlarse da muller do meu tío, aproveitando que ninguén lle escoitaba, e dando ao cuadrúpedo por xordo, o moi peludo e forelludo atacaba, xa ben o mordía ou lle soltaba couces. Tampouco toleraba que ninguén se burlase do seu aspecto ou que fixesen chanzas coa sucidade da súa pelame á volta do traballo. Aquel burro parecía entender o idioma humano á perfección e respondía ao mesmo da mesma forma que faría o meu vello Tío Avó. Se alguén soltaba unha chanza ao asno orneaba sonoramente nun fío de hilaridade desatada que semellaba a risa do meu vello Tío Avó, e, cando vía á miña Tía Avoa Dolores, metíalle a cabeza entre as pernas exactamente no mesmo ángulo que seguía o meu tío ao furgar entre as saias da pobre muller que berraba do susto ao sentir ao animal entre as súas pernas peludas. Creo que xamais cheguei a atisbar unhas pernas con tantísimo lanuxe como as da miña Tía Avoa Dolores, que en paz descanse. Pois morreu o meu Tío Avó con oitenta e sete anos que contaba xa e o burro non tardou nin tres horas en morrerse. Cando saíu a miña Tía Avoa ao patio da casa familiar coa necrolóxica, o pobre burriño caeu morto. Aínda lembro o son que fixo o bendito animal ao tocar chan, trinta e tres anos pasara co meu Tío Avó Manuel. El sempre lle dicía a todo o mundo que aquel asno era inmortal, a saber cuantos anos tería o bo orneador cando o trouxeron a casa, e aínda viviu trinta e tres anos máis, sabe vostede canto adoita vivir un burro? Pois eu direillo, non vin un burro currante que vivira máis de trinta anos, así llo digo. Pero o Manuel, Aah! O Manuel era un burro onde os houbera, vostede enténdeme, xa era vello cando o trouxeron... Boeno, eu contáballe todo isto, que lle vexo un pouco perdido, polas similitudes entre humanos e animais, poida que vostede pense que é unha idiotéz... non? Alégrome de que compartamos a mesma opinión, pero saiba que non sempre é así, pois poida que vostede non a coñeza, pero hai unha historia no meu pobo, unha historia antiga, quizá no seu país non se coñeza. A historia trata dun home que se volve tolo por ler libros de aventuras e sae el mesmo a buscalas. Neste símil, EU, Don Eduardo, sería este primeiro exemplar, montado nun cabalo esvelto e envarado. Non se atreva a mofarse da miña estatura, advírtollo, son un gran combatente en curtas distancias. E vostede sería o meu afable acompañante, o cal na historia cabalga sobre un burriño, animal que curiosamente parece asociado á súa aura dalgunha forma. Compréndeme vostede agora—

—Entón eu para vostede son un burro?—

—Exactamente—

—Un animal de carga cuxo nome é sinónimo de falta de intelixencia—

—Non comprendeu vostede nada—

3. A PRAIA

I

Con estas e outras andanzas percorreron nun día o resto da viaxe ata a fronteira sur do país de Don Eduardo, alí, xusto no extremo, onde a terra se unía co mar, tiña o home a súa casa e alí o agardaba a súa esposa.

Custoulles atopar o pobo en concreto xa que era unha pequena poboación de pescadores e a combinación de cegueira e descoñecemento do idioma local producía máis dunha escena cómica.

Doutra banda desde o asento de atrás chegaban ameazadores oubeos que afastaban á maior parte dos transeúntes, en tales momentos, o invidente mandaba calar ao Can con xestos e berros cada vez máis confiados ata que ao final parecía dominalo realmente, Saúl estaba abraiado.

Había algo no Can que non acababa de cadrarlle. Desde logo el nunca tivera cans, pero non sabía se era normal que o centro de cada vértebra atravesase o lombo con forma de púa, ou se era normal que tivese dúas filas de dentes en cada mandíbula, ou que tivese as patas formando un trazado perpendicular á liña xeral do corpo, a el parecíalle normal tamén que o can pesase máis de trinta quilos “a ollo” no mes que levaba con el.

Don Eduardo non deixaba de dicir que era un bo exemplar, e sen dúbida seríao para que O Cego (que era incapaz de dicir nada realmente bo e sincero) fose capaz de pronunciar palabras semellantes.

Ao fin chegaron á casa do pasaxeiro, este levantou a cara cara ao ceo para cheirar o aire ao baixar do coche.

Todo o seu rostro era un amplo sorriso rocambolésco.

Celebraba o cheiro a mar na fresca brisa da mañá.

Abría a súa boca para que penetrase a través del a esencia da súa terra.

-

No mesmo intre no que Saúl se baixaba do coche, unha gaiivota voou moi preto do rostro do cego, deixando unha gran mancha branca como firma.

II

A muller de Don Eduardo chamábase Micaela, DONA MICAELA.

Nada máis vela, Saúl, recibiu unha refrescante onda marítima de anuncio de champú. O seu corpo era a mestura perfecta entre a Señorita Samanta, a súa Profesora de Primaria, a nova Oficinista do Banco e Elise a Recepcionista-Cociñeira-Regordeta. Era a mestura de todas elas e unha infinidade de perfectos engadidos máis, a súa pel morena, as súas longas pestanas, as súas fastuosas curvas. Era a súa muller perfecta. A súa Deusa soñada.

Non podía ser. Alí, a tantos miles de quilómetros da súa casa, aquela escultura curvilínea de dourada pel estaba a roubarlle o corazón cunha soa mirada.

Pero claro, pertencía a Don Eduardo e non había nada que el puidese facer salvo lamentarse interiormente por coñecer á mellor entre as grandiosas e non poder achegarse a ela.

En canto a viu a Ela, Saúl, comezou a odiar ó Cego.

Como se atrevía aquel miserento a faltarlle ao respecto a semellante muller?

Abandoaba o fogar matrimonial e buscaba compañías baratas en sucios moteis de estrada.

Deixaba atrás a aquela doncela para consumir estupefacientes e mendigar transporte.

Cagaba nas prostitutas, literalmente.

Comparaba a “homes” con burriños.

CON BURRIÑOS.

Aquel verme si que non merecía chamarse home.

III

Dona Micaela era encantadora, non se podería esperar menos dunha beleza semellante. Non só era encantadora, posuía un carácter amoroso en grao sumo, resultaba case maternal, e ao mesmo tempo inocente e practicamente infantil.

O día que chegaron “os homes”, Dona Micaela, levaba posto un vestido curto, escuro, con flores vermellas estampadas. A Saúl antollábaselle a súa presenza semellante á dun primoroso caravel destacando no centro dun ramo de fentos murchos.

Don Eduardo comezara a reclamar atencións diversas a velocidade do raio antes de cruzar o limiar *da porta*, Ela atendíao solícitamente, regalando a súa personalidade aniñada e almibarada, pero un ínfimo rastro de aceno amargo deixou reflectidos os seus verdadeiros sentimentos. Un xesto miúdo que para Don Eduardo pasara inadvertido, pero non para Saúl.

En cuestión de segundos nomeárono convidado indefinido na casa. Dona Micaela estaba tremendamente entusiasmada de que levase ao seu marido de volta a casa e faltábanlle palabras de agradecemento. Enardecía a súa mediocre persoa coas máis altas condecoracións posibles para o prófugo da súa propia familia, da súa propia patria. Mesmo chegou a axudarlle coa equipaxe, que non era moita, devandito sexa de paso.

Durante a comida, unha infinidade de manxares que Dona Micaela preparara con présa, Don Eduardo anunciou a súa próxima viaxe, partiría ao día seguinte e sen demora a cruzar os mares do sur cara ás ignotas terras desérticas que había cruzando o océano.

Dona Micaela finxiu consternación, tan ben o fixo que a punto estivo de que ambos a cresen. Chorou e clamou ao ceo para que lle dese un mínimo descanso ao seu “home” que non paraba de traballar. Imploroulle ao seu marido, por todos os medios que unha boa esposa coñece, que quedase ao seu lado, todo o mesmo tempo que gardaba as formas na medida do posible debido ao público.

Ata chegou a apoiar unha man del no seu peito dereito mentres choraba, co que conseguiu levantar algo máis que a comisura dos beizos de Don Eduardo nun sorriso luxurioso.

O Gran Cego estaba absolutamente convencido de cales eran o seu deber e a súa fortuna.

—Cre agora no destino Don Saúl?—

Saúl mirou con disimulo a Dona Micaela, que aínda se estaba enxugando as bágoas cos vaporosos volantes da súa branca camisa estival e deixaba así ao descuberto a súa carne, despreocupadamente.

—Nada me gustaría máis que poder crer nel Don Eduardo—

Só Dona Micaela captou o que Saúl realmente quería dicir.

Entón Ela levantou a vista cara a el e o comedor da casa converteuse de novo nun anuncio de champú, unha cámara apoiada *na porta* gravábao todo; Dona Micaela fregaba e fregaba o seu coiro cabeludo repleto de espuma, ao facelo as carnes dos seus brazos e os seus peitos bamboleaban aquí e acolá e a espuma escorríase lentamente polo seu rostro, unha face que demudara completamente, converténdose na maxia malvada da perversión da inocencia.

IV

Aquela noite a Saúl foille imposible durmir.

Por unha banda, cría sentir que chegara á súa meta:

A través da xanela aberta entraba o aire morno da noite sureña, o cheiro do mar e o son das ondas, todo o que desexara na súa vida.

Doutra banda temía que a realización dos seus desexos fose demasiado complicada, ou imposible. Aquela non era a súa muller, nin a súa casa, nin o seu país. Sentía coma se tentase roubarlle os soños a outro.

A través da parede na que se apoiaba o cabeceiro da súa cama atopábase a muller máis bela que vira na súa vida, posuía os trazos distintivos que tanto lle atraían, pero combinados coa altanería da mocidade, Dona Micaela era morbosa e tan calorosa como a súa terra, era o tipo de muller que un usaba como exemplo, a que definía unha raza, O Viño de toda unha terra.

Con todo, alí, alén da parede tamén estaba o problema.

Podería parecer un problema insignificante xa que apenas se media metro e medio de altura. Posuía ademais o hándicap da imposibilidade de ver absolutamente nada... pero á fin e ao cabo era un problema.

Don Eduardo

Tum tum tum

Soaba o cabeceiro da outra cama contra a súa parede

Tum tum tum

Ao fin levantouse e foi á habitación da beira aproveitando o silencio que supuxo sería froito dun descanso.

Toc toc toc

—Desculpe... Don Eduardo?—

Dixo aínda coa man no picaporte *da porta*.

—Adiante, adiante—

Cre o cego que todos son da súa condición, ou iso debeu crer Don Eduardo, O Gran Cego Comediante, xa que cando Saúl abriu a porta, Dona Micaela atopábase totalmente espida no centro do cuarto.

Non deixou escapar nin un pequeno rastro de rubor, de feito, freouse en seco e, en silencio, virouse un tanto deixando que toda a súa figura lucise viva e ao descuberto.

Saúl arroibou ata a punta dos maimiños de ambos pés.

—Eu ... sintoo moito...—

—Desde cando é vostede tateo Don Saúl?—

—Síntoo, perdón—

—Deixe de desculparse home e dígame, que necesita meu amigo?—

—Eu... isto... eeh...—

A muller, aquela Gran Muller, seguía estática no centro da sala, por entre as súas poderosas curvas perdíase a tenue luz alaranxada que emitían as lámpadas do cuarto. Fitáballe, a Saúl, e facía insinuacións voluptuosas coas súas cellas de fino trezado.

Saúl tentaba pronunciarse, pero a mirada dela tñíao agarrado como as pesadas cadeas dunha prisión medieval. Resultáballe increíble poder estar a admirar unha beldade semellante mentres o seu marido, a escasos metros era alleo ao espectáculo. Parecíalle pecaminoso. Corrupto. Impuro.

—Pois eu... preguntábame se sería posible... baixar ao comedor a por unha botella de viño... é que... me gustaría celebrar a miña chegada ao sur—

—Por suposto, pooooo suposto Don Saúl, non se corte vostede o máis mínimo. É máis, hei de dicirlle que me sinto en débeda con vostede, a miña casa é a súa casa, e todo o que nela hai é seu, non dubide en tomar ao seu antollo, o que vostede desexe—

Terminou a súa intervención cun sorriso malicioso que parecía demasiado propicio para a escena.

E Dona Micaela corroborouno cun contoneo de cadeiras.

A Saúl practicamente se lle saltaron os ollos con aquela visión.

—Micaela, meu amor, podes acompañar ó noso invitado ó comedor e ensinarlle onde está o viño?—

Sobra dicir que no escasos cinco minutos que tardaron en escoller unha botella de viño a señora da casa introduciuse un obxecto cilíndrico e purpúreo (que non era a botella) na cavidade oral.

V

Á mañá seguinte, o suficientemente cedo como para resultar molesto, o Señor da Casa chamou ruidosamente cos cotobelos á porta de Saúl.

O Gran Cego ofrecía un aspecto óptimo. Ao parecer pasara unha moi boa noite, notábase o sorriso nos seus ollos mesmo a través do opaco cristal topacio das súas lentes.

—Bos días Don Saúl, espero pasase vostede unha magnífica noite—

—Sen dúbida trivena Don Eduardo, agradézolle enormemente a súa hospitalidade—

Nese momento entraba en escena Dona Micaela e o *enormemente* pronunciado por Saúl viuse tan esaxerado, que ata a última das gaivotas do grupo das atrasadas que había na praia poderíase decatar do dobre sentido oculto nas súas palabras. Aquela Gran Muller pasou por detrás do seu marido sen apenas facer ruído. Saúl apresurouse a mostrarlle a ela tamén o seu agradecemento. Para iso utilizou múltiples xestos e técnicas de mimo diversas, pero baste dicir con que todas estaban relacionadas con obxectos fálicos, sen poder evitalo.

—Rógolle se prepare e baixe a tomar o almorzo connosco, nunha hora pasará un coche para recollerme que me levará ata o ferri. Non se demore por favor—

Saúl estaba tremoroso coma unha donicela agochada tras dunha leituga cando chega o can gardián. Custáballe respirar. Vía como se precipitaban os acontecementos diante dos seus ollos. Sen querelo, a súa vida idílica chegara ata el, e non sabía como adaptarse á mesma.

Por unha banda, quería quedar naquel cuarto ata que Don Eduardo se marchara, e logo finxir que descoñecía a súa existencia para vivir un idilio con aquela bela muller, pero por outro cría que lle debía gardar o sitio ao seu anfitrión e comportarse como se esperaríase dun bo amigo.

Na porta do cuarto había un espello de corpo enteiro.

Contemplou as súas brandas faccións durante uns minutos sentindo que aquela imaxe de burriño era moi acertada como reflexo da súa personalidade, á fin e ao cabo quen era el?

Realmente se merecía toda a sorte que a vida lle estaba poñendo ao seu paso?

VI

Ao final decidiu comportarse como un invitado modelo.

Non sucumbiría á tentación.

Non señor.

Cando Don Eduardo se marchara limitárase a pasar o día na praia, cambiaría o seu diñeiro a moeda local e buscaría outro aloxamento para poñer terra polo medio entre el, o pequeno Saúl, e A Gran Señora Dona Micaela.

Pensou todo isto sen saír do cuarto de invitados, mentres se miraba ao espello e se acicalaba, é dicir, enxugaba a boca cunha mestura de pasta de dentes e auga e masturbaba un pouquiño pensando na noite anterior.

Cando rematou decidiuse a baixar, puxo unhas bermudas de baño de Don Eduardo, que apenas se soportaban o peso do seu gran cu, ademáis o seu pitilín loitaba por saír entre os cordóns que suxeitaban o conxunto. Para a parte de arriba decidiuse por unha camiseta de tirantes, entre iso e o bigote sentíase como un narcotraficante do sur. Un tipo duro.

No comedor A Señora da Casa dispuxera unha gran variedade de viandas. Para ser un almorzo era todo un festín, sobre a mesa de madeira tallada había unha fonte con ovos revoltos, outra de ensalada con tomate e outra repleta de xamón e salsichas fritas, tamén había unha xerra de zume de laranxa recentemente espremido e outras dúas fumarentas, unha de café e outra de té verde.

Sentiu desvanecer a súa forza de vontade por entre o vapor que saía da xerra.

Eran demasiados premios para aquel maldito sátiro meco.

Ademais

Dona Micaela vestía unicamente a súa roupa interior e, porriba da mesma, un mandil de cociña. A Saúl fíxoselle a boca auga, podía adiviñar de novo a cor tostada das súas mamilas a través do encaixe azul pálido.

Ela sorríalle galfatamente porriba das viandas.

Pero Saúl quería evitar custara o que custara aquela mirada depredadora e riseira que parecía que pudera devoralo sen chegar a tocalo, esí que decidiu enfocar a comida.

Don Eduardo comezou a falar sen parar das súas viaxes, do seu negocio de exportación e importación e dos beneficios que este lle producía, de canto valera aquela casa e do boa esposa que era Dona Micaela.

Pois claro que era unha boa esposa.

Ela mentres tanto alongaba un pé espido por baixo da mesa e con el fregaba a entreperna de Saúl. El, feito un feixe de nervios e tentando cruzar frases co Cego, seguía mirando o seu prato e apartando a cadeira da mesa para evitar que a muller alcanzase as súas partes íntimas. Canto máis se apartaba el máis se escorría ela, soltando risiñas de cando en vez; e de fondo O Gran Cego seguía ca súa perorata:

—Non se confunda Don Saúl, non se atopará vostede homes de semellante condición en cada esquina. Este que agora lle fala posúe virtudes imposibles para a maioría dos mortais. Podería dicirse que o mismísimo DEUS me tocou ao quitarme a vista para facerme merecedor dunha mente privilexiada en grao sumo. Un cerebro coa potencia dun super-deportivo. E está claro; unha moralidade intachable. Ten diante de vostede a un lince dos negocios, un aguiá da moeda, unha curuxa na noite das crises económicas...—

Era curioso como buscara sen propoñerso animais que destacaban por unha capacidade visual extraordinaria.

Cinco minutos antes da hora prevista soou o timbre da casa e Don Eduardo levantou do seu asento coa velocidade dun raio, o que fixo sobresaltarse a Saúl de tal maneira que a punto estivo de caerse da cadeira na que estaba sentado e derramarse o café quente por enriba. Ao levantarse tirou a cadeira cara atrás e lanzou o *croisant* que estaba a medio comer na súa man e foi parar á xerra de zume que estaba no centro da mesa, a súa cara cega enfocaba todo e nada ao mesmo tempo naquel súbito xesto.

Dona Micaela con todo atopábase moi tranquila, non se levantou pra ir despedir ao seu marido á porta senón que se limitou a botar a súa cabeza cara atrás para deixar que os beizos de ambos se atopasen. Os seus beizos que se atopaban case á altura do asento xa de tanto deixarse caer. Don Eduardo tivo que tentar buscando a súa boca, co que conseguiu meterlle un dedo nun ollo e tocarlle unha teta.

Máis tarde explicarlle a Saúl que O Cego detestaba as despedidas ao Hollywood.

Saúl se que foi con Don Eduardo e *na porta* intercambiaron estas palabras:

—Don Saúl, quero que saiba vostede que lle teño en gran estima...—

—Don Eduardo...—

—Non! Déixeme terminar. Para min, os tres últimos días, foron... Como dicilo...? Toda unha aventura. Resultou ser vostede un gran compañeiro de cacería e un bo camarada. Aquí ten a súa casa. Sei que o seu soño era chegar ao sur, pois diante de vostede esténdense as mellores praias que este país lle pode ofrecer e, por suposto, as mellores mulleres. Non teña présa por abandonar o que espero se convirta no seu fogar, xa viu que temos espazo dabondo; e en canto se adapte á rexión e ao idioma eu encargareime de

procurarlle un traballo digno, a poder ser no meu propio negocio, para que vostede goce da súa liberdade en este o noso paraíso...—

(Asubío)

— Mecagoen... Non podo entreterme máis, xa sabe vostede que gozo enormemente da súa compañía así que espero atoparmo aquí cando regrese da miña viaxe, teño a súa palabra de que me esperará?—

—Tena—

(Asubío)

—Pero será bastardo fillo de mil cadelas sarnosas vindas dos nove infernos...Así sexa pois, fruía da súa estancia amigo meu—

Tras dicir estas palabras marchou escaleiras abaixo tenteando co seu bastón. Desde o níveo soportal da casa Saúl observaba o coche afastarse e, tras el, parte da presión e a culpabilidade que o temperaran dende o espertar.

-

Transcorrerían cinco minutos, acendeuse un cigarro de putón e estaba a contemplar o crepitar das ondas como un viaxeiro mira as chamas ao chegar ao fogar, por fin se sentía na casa.

Entón Dona Micaela saíu ao soportal, quitouse o mandil e a fina lenzaría de encaixe azul recolleu a duras penas o seu voluptuoso corpo.

A Saúl caéuselle o cigarro de putón da man indo parar a un vaso cheo de flores secas.

Atafegado e descolorido comezou a sacudir o vaso no aire espaxando as flores e a terra polo chan de madeira do soportal e descalzo como estaba pisaba todas as cinzas laranxas que do vaso saían. Daquela o vaso caeu ao chan estalando en pequenas esquirlas e comezou a dar saltos tentando evitalas pero sen conseguilo.

Dona Micaela, a cal parecía desenvolver unha falta absoluta de pudor ao estar casada cun home cego ría *na porta*, a salvo dos anacos de cerámica.

VII

—Vas pasar dentro ou vaste quedar dando brincos aí todo o día?—

Non tiña tan boa pronuncia como Don Eduardo, pero víaselle segura falando o idioma materno de Saúl. El seguía agachado tentado recoller os anacos de cristal espaxados polo chan; ao facelo boa porción da súa negra racha lanuda quedaba á vista enfocando á Dama.

—Si, agora mesmo entro, vaia vostede que...—

—Vasme tratar de vostede?—

Enarcou aquela cella galopina esculpida en louxa coma se con ela puidese poñer en Firmes a un rexemento enteiro. Só pasaran unhas poucas horas xuntos, pero era un xesto que comezaba a resultarlle característico dela.

—Eu... non... non supoño que non, pero é que teño que ir sacar ao Can, que se pasou toda a noite dentro do coche e...—

—UN CAN? Non non non non, nesta casa o único animal que vai entrar es ti. Mira, pola parte de atrás da leira hai un escampado que está valado. Vaite e déixao alí, e xa cando remates volves aquí. Non te creas que che vai a saír gratis vivir nesta casa—

A muller mirábao dunha forma tan autoritaria que por un momento lembroulle ao seu pai, chegou a pensar mesmo que lle ía a mandar limpar a casa. Estrañoulle que daquel corpazo que simulaba dócil ata o momento puidese xurdir tal torrente de carácter. Aquela pequena nube esponxosa ameazaba tormenta repentina.

Polo menos polo momento tiña unha escusa pra evitala, a tormenta, ou sexa a Dona Micaela. Foi ata o coche e sacou ao Can, parecía estar aínda máis grande, podía crecer un can nun día?

Atopou facilmente o escampado. O Can corrícala tras dil coa lingua fóra, ao camiñar facíase aínda máis visible a estrana posición das súas patas, camiñaba coma un lagarto, nuns movementos ondulantes a medio camiño entre o reptar e un trotar artrítico. Ao arquexar deixaba á vista unha longa e grosa lingua bífida de cor violeta cobalto, ademais das catro filas de dentes. Parecía sorrir. Parecía un canciño ledo.

Ata que adiviñou as intencións de Saúl, pois en canto viu o cercado tentou escapirse. Pacientemente Saúl introduciuno no que sería o seu novo fogar e, tras pechar o valo, fregouse as mans satisfeito, coma o xornaleiro que rematou o seu traballo.

VIII

Camiñaba amodo coas mans a medio meter nos petos das bermudas-bañador, só conseguía embutir ata a segunda falanxe dos seus chourizos. Miraba ao seu redor, ás paredes de pedra da casa, tentaba afastar o inevitable momento de entrar nela.

Sentía que o estaba facendo moi ben, afrontara o primeiro envite da dama con soltura, podía seguir así, só tiña que aguantar. Mirou o reloxo que lle roubaba ao seu pai, só faltaban seis días, vinte e tres horas e corenta e oito minutos para que Don Eduardo volve-se.

Seguramente fose fácil manterse fiel ás súas conviccións.

Ao subir as escaleiras do soportal deuse conta de que Dona Micaela xa acabara de limpar os restos de cerámica e as flores do vaso. De feito estas, as flores, estaban xa noutro vaso, dominando o centro dunha mesa de café feita de vimbio.

Sorriu valorando a dilixencia da señora da casa e mirou cara ao interior *pola porta* entreaberta, non se oía nada, quizá saíse.

Entrou cautelosamente, pisando amodo, no bico dos pés, procurando que nin sequer el puidese oír os seus pasos.

Ben

O corredor estaba deserto.

A mesa do comedor estaba limpa e recollida. Volveu mirar o reloxo, parecía imposible que houbesen comido tres persoas alí cara a apenas un cuarto de hora.

Algo dentro del removíase vulnerablemente, sentíase como un antílope diante da presenza dunha leoa oculta, dunha Gran leoa oculta. Sorriu para si pensando que era o mesmo símil que utilizaría Don Eduardo.

Créndose xa só dentro da vivenda decidiu subir ao seu cuarto para ducharse, a realizar o seu ritual de limpeza-baleirado. A medida que avanzaba pola casa íase relaxando máis, a idea de que a muller marchara iba fraguando.

Dez pasos ata a súa habitación.

Cinco.

Dous.

E *na porta...*

Zas!

Dona Micaela estaballe a agardar alí, oculta, pegada a unha parede.

Totalmente espida.

Abalanzouse sobre el e aferrouse ao seu corpo con todos os seus membros, parecía un polbo dantesco alimentado con pitos hormonados. Da parte interior das súas extremidades emerxían ventosas salivadas que se adherían á pel de Saúl impedíndolle escapulirse. Cada vez que conseguía despegar un membro do cruel abrazo da medusa, Ela, agarraba outro aínda con máis forza. Desatoulle a bermuda-bañador con soltura, como unha costureira experta faría cun bordado mal feito, e comezou a furgar na súa entreperna con aquelas palmas acolchadas e untadas en a saber que clase de aceite de procedencia animal.

Ao final as pernas de Saúl non soportaron o peso e caeron sobre unha alfombra, Ela encima del.

Atados nese nó de carne, saliva e lume rodaron polo chan da habitación. En certo momento, cando xa desaparecera toda a roupa, cando a loita era encarnizada, nun transo que para Saúl durou décadas, pero que en realidade soamente foi unha pequena fracción de segundo, notou como se desvanecían todas as súas defensas e sucumbía ao irrefreable desexo que aquela Muller acendera no seu peito.

Sentiu que caía.

Que as ondas do inferno da traizón tiraban del como unha resaca pernicioso.

Que o afogaban naquel mar de carne branda e morena.

IX

Dona Micaela non o soltou ata pasadas dúas horas, cando xa chegara o momento no que Saúl sentía que; unha de dúas, ou as súas costas ou o seu corazón ían partir en dúas metades imperfectas.

Tratou como puido recuperar o alento acusando cada cigarro e cada hamburguesa.

Suaba a mares e estaba tan vermello que nos lugares onde se lle marcaban as veas, como nas tempas, os poros parecían vomitar sangue.

Ela, con todo, parecía fresca e retozaba sobre as sabas palpando a súa propia anatomía sen descanso algún, tocaba e tocaba aquela vulva con aparencia de pan de hamburguesa coma se estivese posuída por ela e a súa fame fose insaciable. E a Concha seguía alí palidiña e mollada coma se fose virxe, coma se aqueles beizos falasen e só soubesen dicir a palabra inocencia.

Entón el sentiuse atravesado por unha emoción complexa. Sentía coma se unha parte de si mesmo, chamémoslle unicornio branco, que representase o amor tirase dun extremo dunha corda. E outra, chamémoslle Can Negro, que fose un símbolo do terror, tirase do outro extremo.

Temía tanto como amaba a impetuosidade daquela muller, dalgunha forma unha parte do seu cerebro comezaba a darlle un status divino.

Cando vía a Dona Micaela alí revolvándose na suor de ambos os coma se fose a fonte da eterna mocidade cría adiviñar o que levara aos homes a encumbrar ás mulleres como a cima da creación, e a temelas como o principio de pecado.

Quería vivir para ela.

Quería morrer pola voluptuosidade do pecaminoso sentimento que lle producía.

Aquela queimazón no centro do peito. A culpabilidade máis fúlxida e pura envolta nun saco de carne.

Sentíase terriblemente pequeno ao seu lado.

Era normal, ela pesaba polo menos trinta quilos máis que el.

O que non era dicir pouco.

X

Tras o primeiro encontro corpóreo a tensión entre ambos relaxouse un tanto, o que podería traducirse en que Saúl era capaz de separar os beizos mentres a miraba aos ollos. Iso xa era moito, podía pronunciar unha frase completa.

Tras ducharse e vestirse, unha ducha que lles facía falta, mantendo unha vacua conversación sobre as súas vidas pasadas e os seus amoríos (basicamente os de Saúl xa que ela mantiña ao seu ao redor un halo de misterio baseado no levantamento da súa cella esquerda) baixaron á praia.

O cheiro, a brisa, Ela...

O “home” cría estar a soñar, ou morrer. De súpeto o resto da súa vida quedaba demasiado lonxe, a posibilidade onírica era plausible, era incapaz de manter unha conexión co seu suposto “eu” real. Os seus pais, a súa infancia, a súa cidade natal, os estudos, o traballo, incluso a viaxe, todo estaba tan lonxe que podía ser unha historia que vira no cinema.

Naquela praia estaba a atopar a eternidade. Sen sabelo estaba na zona de confort dos budistas adoradores da meditación, as cabezas calvas e as túnicas laranxas. Chegara ao nirvana.

E Ela, Dona Micaela, constantemente Ela, coa súa pose orondamente señorial, con ese busto que semellaba a artillería pesada dun temible exército e aquela mirada de capitán de navío pirata, aquela mirada que deixaba escapar cando quería converter a Saúl no seu canciño faldeiro. A súa forma de ocultar a súa verdadeira personalidade naquel comportamento infantil, ocultalo no máis profundo das súas carnes cando facía unha carantoña con todo o seu Gran corpo. Toda ela eclipsaba o seu ser e convertíao nun escravo dos seus desexos.

Dona Micaela exercía un poder enorme sobre el. Só pasaran como moito tres horas xuntos, a soas, e ela podería pedirlle que morrese por el.

E el morrería.

Cruzaría a liña consciente de que ninguén podería extraelo xa da Praia.

XI

Cando chegaron á beira do mar, a calor da area e do sol sobre a súa pel morena debeu de provocarlle sufoco, xa que comezou a mostrar outra cara de si mesma.

Outra cara máis.

—Ah Saúl! Entendo perfectamente que cruzases medio mundo para chegar ata aquí...—

Mesmo tiña unha voz distinta, do agridoce pasara ao celmoso absoluto, os seus ollos estaban moito máis abertos. Parecía pequena, un querubín grosa e moreniño, cun pelo de anuncio de champú.

(...)

—Por suposto que non. Non se me nota? Nacín bastante preto do teu país, por iso sei falar o teu idioma. Vin un verán aquí cos meus pais. Eu odiaba aos meus pais, só había unha cousa que odiase máis que aos meus pais, ás espinacas, e eles facíanme comelas sempre, entón odiábaos máis. Ademais, o único que querían de min, é que me pasase o día traballando coa miña nai na mercería...

>Aaah! eu era unha moza guapa sabes? E unha lercha. O meu pai odiábame por iso. Non me entendas mal, queríame e moito e iso, non sei, esixíame e consentíame por partes iguais. En realidade foron bos pais, pero eu non podía soportar pasarme a vida encerrada naquela mercería de pobo. Viñemos aquí cando eu tiña dezaseis, viñamos de vacacións, como calquera outra familia. Pasabámonos todas as horas de sol aquí, en praias como esta, poñéndonos morenos, ao meu pai gustáballe logo chegar ao pobo e ensinar o moreno, dicía que era un símbolo de clase, que só os que tiñan diñeiro podían estar morenos...

>Parece mentira que pasasen quince anos... e non os botei de menos nin un só día, case nin recordo as súas caras... O hotel onde durmíamos estaba nunha cidade pequena a uns vinte minutos de aquí máis ou menos... Eu tiña unha habitación para min e os meus pais estaban noutra. Un piso por baixo e a *dúas portas* da miña habitación había unha parella, terían uns corenta máis ou menos, o home era calvo e gooorado, si, así parecido a ti (mirada despectiva). Levaba lentes e un bigote así como... como o teu! Agora que o penso parecédevos bastante. Que cousas ten a vida. Pois a segunda noite que durmín no

hotel aquel home veu á miña habitación. Era moi educado así que lle deixei entrar. Traía champaña e ofreceume unha copa. Despois de bebernos dúas ou tres copas empezou a facerme preguntas da miña virxindade e a insinuárase. Eu xa me coñecía o xogo de corrido. Puxo unha cifra e eu fíxenme a tola, non me entendas mal, eu quería facelo. Non sei por que, pero eu quería. Se cadra eran os nervios de estar cun descoñecido na miña habitación, ou de que fose un home maior ou que me ofrecese cartos, pero eu quería facelo. O que si, se me ían a pagar quería que me pagasen pero ben, porque só podía vender a miña virxindade unha vez.

>Pois o home non tiña aquela cantidade encima así que lle dixen que se fose da miña habitación e empezou a sacar billetes. Eu dicíalle que nanaina e díxenlle tamén que me ía a poñer a berrar se non se largaba da miña habitación. O pobre home estaba a suar xa, estaba tan saído que parecía que se lle ía a saír a corrida polos ollos enténdesme? Ves a necesidade na outra persoa e dílle que non, unha vez e outra vez... A min gustábame, era poder. Eu sentíame poderosa así. Cando un home te desexa desa maneira podes facer o que queiras con il—

[...]

(...)

—Ah, si, por suposto, a noite seguinte volveu co diñeiro. Para que te fagas unha idea, daquelas, podías mercar un piso con todo o diñeiro que me deu. Tróuxomo así todo, na man, non vira tantos billetes xuntos na miña maldita vida—

(...)

—Nooo, para nada, nin sequera chegou a romperme o hímen, o pobre home tíñame medo de verdade, mesmo no momento clave debía de ser algo así:

()

>Como moito—

XII

O coñecer un pouco máis do seu pasado conseguiu dúas cousas, reducir o temor e aumentar o afecto, á fin e ao cabo tras aquela segunda máscara de fera indomable atopábase unha persoa con inquietudes, forte, pero con sentimentos. Parecía que en realidade si que era aquela nena doce que se deixaba facer cando Don Eduardo estaba diante.

Con todo Saúl non acababa de entender a aquela muller.

Era un misterio.

O misterio.

Bañáronse no mar. A auga estaba xeada e o frío fixo que as mamilas dela resaltasen como picas baixo o seu bikini negro, neses momentos Saúl parábase a pensar como un anaco de tea tan pequeno podía soportar tal cantidade de peso. Eran como tentar introducir dúas boias das grandes e amarelas nunha rede para laranxas de zume.

Logo secáronse ao sol. As pingas cristalinas escorregaban voluptuosamente por entre os pliegues de carne dunha forma que resultaba tan excitante para o “home” que tivo que poñerse boca abaixo na toalla.

Entón Ela comezou a soltar ventosidades.

Debido á gran masa de carne, e que esta estaba mollada, os peidos saían da cova cunha forza fascinante. A xente que ocupaba outras toallas, a máis próxima a uns quince metros, fuxiron da tempestade.

Con todo, aqueles lumes fatuos, fastuosos e fétidos, non conseguiron outra cousa que aumentar o fluxo de sangue que ía cara ao cetro de Saúl, que ao final tivo que levantar un tanto as nádegas para non producirse unha rotura muscular.

Ela deuse conta rapidamente de como os seus ventos malignos lle afectaran e fíxolle cóxegas para que se dese a volta. Tras comprobar mirando a ambos os dous lados que a masa de xente se disipara, grazas á súa potencia de disparo, procuroulle outro tipo de cóxegas. Foron tan xenerosas e excitantes que tiveron que abandonar a praia.

~

Dona Micaela levouno da man ata unha pequena cala oculta moi preto da casa. Levaban unha toalla tapando a entreperna de Saúl para que as señoras maiores (que eran as únicas que estaban o suficientemente anestesiadas sensorialmente como para non percibir o furacán Micaela) non se escandalizasen co poderoso empalme que tentaba traspasar aquela diminuta bermuda-bañador.

Unha vez na pequena cala privada entregáronse de novo aos praceres da carne deixando que as ondas os mollasen.

Eran dúas croquetas de area e fluídos.

Que se rebozaban e rebozaban.

E corría e corría a bechamel.

XIII

Tres días pasaron mergullados no seu romance sen atender a máis nada que a comer, durmir e...

Tres días afogándose o un no outro, ou mais ben afogándose Saúl no mar da Dona.

Ás veces (só ás veces), o “home”, despois de comer acordábase do Can e leváballe algo dos restos e un cubo con auga para que non tivese sede.

Aquel día en concreto, o terceiro desde a partida de Don Eduardo ás terras do sur, Saúl atopouse unha mancha parda no chan do escampado.

Se alguén llo preguntase xuraría que era sangue.

A mancha estendíase aquí e acolá intermitentemente formando pequenos charcos oleosos, coagulados grazas á calor da Praia.

Pero a porta estaba pechada co seu cadeado, o único que podería deixar aquel sangue era o can, ou iso supoñía il.

Decidiu non darlle maior importancia, seguro que había unha explicación racional, e lanzoulle a comida ao can por encima do valo. En canto este se entretivo cos finos ósos dunhas chuletiñas de cordeiro, el introduciuse no cercado e deixoulle alí o cubo con auga.

Logo puxo rumbo de novo á casa, en busca da súa amada.

Antes do terceiro paso xa esquecera as manchas pardo-avermelladas que tinguían de irracionalidade a leira traseira.

Ao chegar a casa Dona Micaela estaba ao teléfono, chorando.

XIV

—NON PODE SER!—

(...)

—PERO COMO? CANDO?—

(...)

—POR QUE NON ME AVISARON ANTES?—

(...)

—DEUS SANTO... POR QUE EL?—

(...)

—EL XAMAIS FARÍA ALGO ASÍ—

(...)

—ERA UNHA VIAXE DE NEGOCIOS, XA LLO DIXEN ANTES—

(...)

—CAL É O NÚMERO DE HABITACIÓN?—

(...)

—GRAZAS, ADEUS—

Enxugouse as bágoas e carraspeou, logo riseira fixo o simulacro de levantarse as saias e agachouse executando unha pequena reverencia, tal e como se estivese sobre o escenario e acabase a obra. Ao fácelo media teta saíuse do traxe de baño que levaba.

Saúl estaba abraiado, realmente era unha boa actriz. Nunca podería fiarse dela e quizá iso o excitara aínda máis.

Quizá cunha flatulencia conseguiría unha erección absoluta.

—Que pasou?—

XV

—Xa che digo eu o que pasou...—

Sorriu triunfal.

—O que pasou, o meu queridoño Saúl...—

Agarrouno pola cintura cunha man salsichona atraéndoo cara si.

—...é que ao idiota de Luís, o meu marido, cribouno a balazos un señor da guerra nese país que nin ti nin eu coñecemos, por atreverse a ir alí a comprar drogas, e supoño, que por lingoreteiro. Esta chamada que acabamos de recibir, era dunha especie de hospital, se é que alí teñen algo parecido. De feito, non se nin como conseguiron facer esta chamada... entendes o que isto significa?—

—Que teremos que ir alí?—

—De verdade Saúl, amado meu, que pouco imaxinativo es... Isto significa que nos desfixemos de Luís sen ter que mover nin un só dedo!—

—Pero, non imos buscalo?—

Miúda bruxa era A Dona Micaela, o seu marido nun hospital en drogalandia e ela celebrándoo.

—A buscalo? Estás de broma non? A ver, para que me quede claro, estaste a cepillar á muller dun amigo e vivindo do seu diñeiro, tes a oportunidade de facelo indefinidamente sen crearche problemas de ningún tipo e pensas en ir buscalo non?—

Leva a man á fronte alzando as cellas, outro xesto sobre—actuado de actriz de instituto. O sarcasmo era un dos seus puntos fortes sen dúbida.

—Nai miña... En momentos como este penso que porqué non quedei na mercería—

—Vale, pílloo, somos libres—

—Ben Sauliño, *esí* me gusta. E agora, que tal se o celebramos?—

E colleulle a cabeza con aquela man rechoncha e obrígouno a anicarse. Como Saúl non opuxo resistencia tamén poderíamos dicir que o convidou a facelo.

Aquela noite cearon nun restaurante.

Pediron o máis caro da carta, tanto de comida como de bebida, todo iso pago coa xenerosa conta bancaria que Don Eduardo deixara para os amantes infieis.

E, ao volver a casa, ebrios de viño tinto e morte, cometeron pecados carnis na rúa, coa xente mirando, producindo terremotos xordos no establecido do paseo marítimo, rompendo plaquetas de granito e lastras co seu camiñar de paquidermo. Facendo sinais de fume discernibles desde os ceos doutras galaxias.

Clamando a voces pola Apocalipse, polo estalido final das eras nun orgasmo carnoso e alcoghólico.

XVI

Xa non terían que volver preocuparse polo diñeiro, Luís, ou Don Eduardo, deixara todas as súas contas a medias coa súa amante esposa e mentres ela non notificase a súa desaparición, ou defunción, non terían que render contas pola procedencia daquel diñeiro.

Ela comezou a falar de cando en vez do que xa consideraba o seu exmarido. Facíao sen andrómenas, incluíndo todo tipo de detalles horrendos, insultos, maldicións, etc. Parecía odiar a aquel “home” con toda a súa ialma. Coa súa ialma de foca feliz e larpeira de carne viril.

Ao parecer Luís non era cego, polo menos non no sentido común da palabra. Simplemente un día Luís pillara á súa muller con outro home na cama.

Dona Micaela contáralle toda a historia. Ó velos, Luís, ou Don Eduardo, desmaiárase e caera ao chan chocando durante a traxectoria coa súa cabeza de alfinete contra unha das cómodas do cuarto. Ao espertarse falaba de forma estrana, trataba a todo o mundo de vostede e utilizaba a anacos unha linguaxe arcaica, como sacada dun libro medieval.

Só era unha maldita cegueira psicossomática.

Tamén borrara da súa memoria o momento do flagrante descubrimento da infidelidade da súa muller. Ela probara a facer insinuacións nalgún momento, incluso o psiquiatra o tentara, pero ao parecer Luís esquecérao completamente.

Refixeran a súa vida a partir da manobra de defensa da súa mente inconsciente. Algo dentro de si mesmo provocara unha digresión na súa personalidade, como un escudo, conservaba todos os recordos da súa infancia, adolescencia, mocidade... Lembrábo todo absolutamente menos aquel encontro no cuarto principal da casa.

Do mesmo xeito que lembraba quen era, extraera do seu interior unha vertente de si mesmo á que lle daba nome propio e lle deixaba tomar o control.

Dona Micaela acabara por detestar ao seu marido, nunca o quixera, pero ao principio polo menos era capaz de soportalo. Con todo desde o momento X a convivencia fora practicamente imposible.

Polo menos Don Eduardo pasaba moito tempo fóra de casa traballando.

Ela coñecía as visitas do “home” ao burdel, así que tamén facía das súas cando o seu marido estaba fóra. Chegara mesmo a deitarse co psiquiatra; un día que, en sexión extraoficial, comentaran o feito de que Luís nunca visitaría unha casa de citas e con todo Don Eduardo era un gran adepto. Ou o utilizando as súas palabras, —un putero de categoría—.

Logo facíano porcinamente sobre o diván no que sentaba o esquizoide nas súas sesións. Porcina e grasiadamente, o psiquiatra tiña desexos ocultos e enfermizos relacionados coa manteiga e outras graxas animais.

Saúl fixouse en que mesmo Ela facía diferenciación entre as dúas personalidades. Normalmente cando falaba del antes do momento X chamáballe Luís, e Don Eduardo se se refería a momentos despois do accidente. Tamén era curioso que tras a chamada do hospital sen nome volvera ao orixinal, coma se a morte o devolvera ao seu estado natural.

XVII

Chegou o verán por fin coas súas temperaturas de infarto.

Cumpriron o seu primeiro trimestre xuntos, Saúl e Dona Micaela, e foi neste momento cando comezaron a exporse a posibilidade de unirse en matrimonio. Aínda que obviamente era imposible xa que ela seguía casada con Luís.

Falaban a miúdo do Defunto Cego. Ás veces Saúl chegaba a pensar que quizá ela o botara de menos aínda que falase tan mal dil, isto escamabao excesivamente, ata o punto de que cando o oía nomear cambiaba súbitamente de estado de ánimo. Digamos que a súa bilis negra ascendía ata as súas tempas e transformaba a súa cabeza de fósforo nunha ardente lumeirada verdosa.

A parte das subidas de bilirrubina, levaban unha vida tranquila, non consumían luchos en exceso (un pouco de caviar os luns, cordeiro os martes, cangrexo ruso os mércores, aleta de quenlla os xoves...), pero tampouco se privaban de nada.

Saúl aínda gardaba intactos os aforros que levara desde o seu país, estaban no Mercedes do seu pai. Tamén tiña alí sempre unha muda de roupa preparada, por se tiña que fuxir daquela casa, aquela mansión do pecado. Desde o fatídico momento no que Luís, ou Don Eduardo, perdera a vida éralle imposible confiar na Muller, aínda que seguise levándoo ao ceo un mínimo de tres veces diarias.

Era imposible, aínda que a amaba, a Dona Micaela, seguía sen poder fiarse dela. No fondo sabía que en calquera momento Ela podería aparecer con outro home ou mesmo sufrir un cambio drástico de opinión e botalo da súa casa.

E así vivía, día tras día nun estado de vixilancia constante, atrapado baixo a súa mirada sexualmente cativa e a súa mole cárnica e suorenta.

-

Ao parecer a Señora da Casa non soportaba aos cans porque tiña alerxia a todo tipo de mascotas, con pelo, con plumas, con escamas, con babas, con antenas, con ultrasóns... ou iso dicía Ela. Ás veces cando Saúl chegaba de darlle para comer ao animal, que aínda

non tiña nome, ela mandábao directamente á ducha dicíndolle que cheiraba que apesta-
ba e mandáballe poñer unha lavadora coa roupa que levaba posta.

Aínda sendo verán foron notando como a poboación do pobo disminuía, isto estra-
ñáballes un tanto, un ano normal tería que multiplicarse por cinco a afluencia de xente
na Praia. Ás veces comentábano, pero de forma casual e despreocupada porque eles non
tiñan ningún tipo de negocio nin contacto coa xente do exterior, aquilo non lles preo-
cupaba en demasía. O único que podían sacar de todo iso era máis oco para a antuca.

-

De cando en vez aparecían carteis de desaparecidos nos postes de teléfono ou oíase
algún anuncio na radio, na programación da mañá. Ao parecer aquel ano o mar estaba a
tragarse a moitos por aquela zona.

Quizá fose ese o motivo polo que ía tan pouca xente.

Unha resaca estrana.

Un mar convertido en gaiola.

Como o zume de Dona Micaela.

-

Para cando chegou o outono o número de desaparecidos na zona era alarmante. As
autoridades comezaron a ter en conta a posibilidade de que un delincente, un maníaco
estivese solto pola Praia.

O tema entraba nas súas conversacións moi de mes en cando.

Nada perturbaba a paz das súas cómodas vidas.

-

Unha mañá, cando as follas das árbores xa comezaran a marchitar un policía chamou
á súa porta.

Fíxolles unha ladaíña de preguntas ás que contestaron con toda a sinceridade posible,
obviando, está claro, o feito da desaparición de Don Eduardo.

O home, O Axente, estaba irritado por ter que someter aos veciños decentes a un
interrogatorio de rutina e parecía descartalos da lista de sospeitosos antes sequera de
entrar na súa casa.

Cando terminou as preguntas pediulles botar unha ollada á vivenda e ao terreo,
fíxoo poñendo os ollos en branco coma se fose el mesmo, O Axente, ao que lle pedisen
semellante estupidez.

Mentres O Axente investigaba, a parella falaba sobre unha robaliza na cociña, Dona Micaela finxía atención á conversación, pero en realidade desexaba darlle merengue ao Axente.

Cando terminou de examinar a casa, O Policía, pediu ver o escampado que había detrás da mesma.

—Por suposto Axente—

Contestaron ó unísono.

Dona Micaela estivera preparando unha cervexa con zume de limón e gasosa durante a revisión policial e pediulle a Saúl que lle achegase un vaso ao Axente, pois ela non se ía a achegar nin a dez metros daquel can sarnoso.

Cando Saúl chegou ao escampado alí non había ninguén máis que O Can.

Volveu a casa bebéndose a cervexa directamente da xerra.

XVIII

Dous anos máis tarde

A escasos dous quilómetros da casa de Saúl e Dona Micaela:

Noa, a nai, xogaba ás pas con Elisa, a filla, no xardín da casa de veraneo. Preto delas Jorge, Jorge era o pai, lía o xornal sentado nunha cadeira de plástico branca.

Era unha mañá de xullo tranquila, e a familia formaba a típica estampa cliché á que se suman todas as familias de clase media nalgún momento entre maio e setembro.

Poderíamos engadir detalles como a cor de ollos dos tres, as ocupacións dos adultos e a idade da pequena, mesmo poderíamos dicir que esta ten uns cabelos rizados da cor do ouro para que a escena resulte máis enternecedora.

Pero o único que nos importa é que é unha familia, que vive un momento tranquilo, bucólico, a escasos dous quilómetros do lugar no que Saúl decidiu pasar o resto da súa vida.

A PRAIA.

Entra en escena un preadolescente, ten entre dez e doce anos. A idade perfecta pra desaparecer ao principio ou ao final dunha película de terror, a modo de epílogo.

—Mamá, esta tarde imos ir Jose e eu a XXXXX XX XXXXXX (A Praia)—

— Non!—

Contestan os pais ao unísono.

—Non, nin se vos ocorra—

Recalca o pai.

—Pero, por que non?—

Unha vea de rebeldía varonil e adolescente asoma á superficie, o que quere dicir en realidade é – se a min me da a real gana, porque xa son maior—.

Os pais míranse durante un segundo mantendo a conversación mental establecida polo guión estándar —dixencho, non deberíamos vir aquí— —non te preocupes muller, só hai que vixialos e xa está— —non quedo tranquila e sábelo, deixa o xxxx periódico e vaite a xogar co xxxx neno— —de acordo, agarimo— E un suspiro cos ollos en branco. Todo isto dura un segundo.

—Porque nesta casa mando Eu e sansecabó—

Frégalle o pelo coa man

—Ademais... ese pobo está maldito—

Díceo no rexistro que utilizan os adultos cos nenos cando queren meterlle o suficiente medo no corpo para que non se acheguen a algo pero que non salga á luz o mesmo medo que teñen eles.

—Maldito—

EPÍLOGO

Saúl tiña xa corenta e nove anos.

A numeroloxía facía moito que non estaba do seu lado.

Micaela, que xa facía anos deixara de ser Dona, tiña poucos menos e o fondo dos seus peitos chegaba case ata as súas cadeiras cando se quitaba o sostén.

Para Saúl seguía sendo unha Deusa,

pero ela sentíase fea,

e violaba de cando en vez a algún turista descoidado que se atopaba pola praia.

Se Saúl o sabía nunca dixeran nin fixera nada o respecto.

Tiveran unha filla que marchara de casa ao cumprir os catorce. A súa nai estaba profundamente carraxenta dela, polo que Saúl nin sequera se preocupara do seu paradiro tras a súa desaparición, do mesmo xeito que lle pasara aos pais de ambos, moitos anos antes.

-

Unha mañá de inverno estaban a facer o amor no salón. Utilizando todo tipo de dispositivos (Saúl aprendera distintas técnicas desde a súa chegada ao sur), cando de súpeto se abriu a porta principal.

Era Luís, ou Don Eduardo, ou o que quedaba del, a perna esquerda fora substituída por un taco de madeira e nun dos ollos levaba un parche, pero parecía recuperar a vista no outro.

Mentres gritaba nun idioma inintelixible polo corredor da entrada podíase contar os ocos negros que había na súa boca e as cicatrices que poboaban a súa cara e os seus brazos.

Estaba terriblemente luxo e desarrapado, pero non era momento de fixarse no seu aspecto. A parella, que estaba en plena penetración de dispositivos metálicos, recoñeceu no acto.

Ela saltou detrás do sofá para protexerse da arremetida do pequeno ex-cego e Saúl, co seu membro aínda erecto, corría espido polo salón esquivando os obxectos que Don Eduardo lle lanzaba.

Nese momento un estrondo fixo estremecerse a edificación, sonoros oubeos chirlos e berridos provintes de mil infernos vibraron no aire ensordecendo aos tres ocupantes do salón.

Un galope que semellaba un terremoto achegábase á casa dende algún punto do exterior.

Saúl tirouse ao chan cubríndose a cabeza coas mans e deixando ao descuberto as súas posadeiras espidas e lanudas, o seu groseiro buraco parecía despedir nubes de cheirrento verde, Micaela estaba na mesma posición a escasos dous metros del. Luís, ou Don Eduardo, retorcíase mentres unhas mans que eran practicamente tocos e tentaba taparse os oídos.

Entón viuno, Saúl viuno.

Na porta había un espello, e reflectido nel, viu á terrible besta na que se convertera O Canciño.

Medía polo menos dous metros de alto sostido sobre as catro patas, o seu avance facíase complicado debido á anchura do seu peito, grotescamente musculado.

A dentadura das súas fauces multiplicárase por infinito e non se distinguía padal dentro da cavidade aberta e fumarenta da que caía unha escuma que era acedo, pois corroía todo o que tocaba.

A súa pel estaba cuberta por distintas capas heteroxéneas, era unha mestura de pelo, plumas e escamas, todas elas nunha gama de cor monocromo, todas elas en distintas variacións daquel negro bestial.

Os seus ollos, se é que se lle podía chamar así aos seis puntos de luminosidade infernal que destacaban na súa cabeza, a medio camiño das orellas e os múltiples cornos que sobresaían do seu cranio, eran dunha cor verde luminescente e parecían irradiar maldade por todo o cuarto.

Aquela besta entrou na casa mentres Saúl o observaba co pompis ao aire.

E xa dentro do salón, rodeado de vibradores e a música maligna que o acompañaba sempre, tapando o espello da porta, ruxiu estrondosamente.

Saúl pechou os ollos comprendendo de golpe todo o que pasara desde que aquel día marchara da casa dos pais.

E cando os abriu:

O diaño que fora o seu canciño estaba a devorar ao que no seu día foi o seu compañeiro de viaxe.

Escritor, escultor, tatuador, debuxante e muralista, terminou a súa primeira novela aos vinte e catro anos durante unha viaxe por Romanía e o centro de Europa, dende entón autopublicou cinco dos seus libros, algúns dos cales están pendentes de reedición. Expuxo a súa obra pictórica e escultórica en varias exposicións e actualmente áchase inmerso nun proxecto de temática de terror no que combina as súas distintas facetas.

